

20 VIVO
MÚSICA
NÚMERO 4
SEPTIEMBRE 09



CORNELIUS 1960

**Novas formas de distribución
lanzan os grupos galegos ao
mercado mundial**

XUNTA DE GALICIA

**SOM DO GALPOM * VÍCTOR ANEIROS * OS RESENTIDOS * UN DÍA CON FRANC3S
LISANDRO ARISTIMUÑO * ALBERTE LEIS E XAIME CASAS
DANDY FEVER E KING TUBBY * SALA JAZZ VIDES**

RGMV & OUTONALIDADES 2009




GALICIA

Data	Grupo	Sala
25/09/09	Taberna Revisitada	Aturuxo. Bueu
26/09/09	Taberna Revisitada	Náutico. O Grove
09/10/09	Olivetree	Auriense Café Cultural. Ourense
10/10/09	Olivetree	Café-Cultural Roi Xordo. Allariz
16/10/09	Taberna Revisitada	Pub D'Antón Rock Café. A Laracha
16/10/09	Samasati	Auriense Café Cultural. Ourense
17/10/09	Samasati	Café-Cultural Roi Xordo. Allariz
17/10/09	Taberna Revisitada	Clavicémbalo. Lugo
06/11/09	Uxu Kalhus	Pub Gatos. Melide
07/11/09	Uxu Kalhus	Sala Run Rum. Ferrol
13/11/09	Sofia Ribeiro	Jazz Vides. A Coruña
14/11/09	Sofia Ribeiro	Clavicémbalo. Lugo
20/11/09	Uxu Kalhus	Clavicémbalo. Lugo
20/11/09	Sofia Ribeiro	Náutico. O Grove
21/11/09	Uxu Kalhus	Café-Cultural Roi Xordo. Allariz
21/11/09	Sofia Ribeiro	Sala Run Rum. Ferrol
27/11/09	Samasati	Clavicémbalo. Lugo
27/11/09	Comcordas	Auriense Café Cultural. Ourense
28/11/09	Comcordas	Clavicémbalo. Lugo
28/11/09	Samasati	Pub Gatos. Melide
04/12/09	Olivetree	Pub Gatos. Melide
05/12/09	Olivetree	Jazz Vides. A Coruña

PORTUGAL

Data	Grupo	Sala
25/09/09	Som do Galpom	Casa da Juventude de Amarante
22/10/09	De Outra Margem	Sala Multiusos de Chaves
31/10/09	Carmen Dor	Café Teatro Virxinia. Torres Novas
06/11/09	Banda Potemkin	Bar do Cine-Teatro de Estarreja
13/11/09	Som do Galpom	Bar do Cine-Teatro de Estarreja
14/11/09	Bukowski Blues Trío	Mercado Negro. Aveiro
14/11/09	Som do Galpom	Casa da Moagem. Fundão
19/11/09	Carmen Dor	Sala Multiusos de Chaves
20/11/09	Aló Django	Contagiarte. Porto
20/11/09	Carmen Dor	Bar do Cine-Teatro de Estarreja
21/11/09	Aló Django	Bar do Cine-Teatro de Estarreja
21/11/09	Coanhadeira	Espaço Celeiros. Évora
27/11/09	Bukowski Blues Trío	Espaço D'Orfeu. Águeda
27/11/09	Lamatumbá	Bar do Cine-Teatro de Estarreja
28/11/09	Bukowski Blues Trío	Café Teatro Virxinia. Torres Novas
28/11/09	Lamatumbá	Espaço D'Orfeu. Águeda
04/12/09	Portrait	Bar do Cine-Teatro de Estarreja
05/12/09	Portrait	Café-Concerto do Centro de Arte. Ovar
10/12/09	Aló Django	Sala Multiusos de Chaves
11/12/09	Aló Django	Mercado Negro. Aveiro
11/12/09	Modulok Trío	Bar do Cine-Teatro de Estarreja
11/12/09	Portrait	Café Teatro Virxinia. Torres Novas
17/12/09	Son+D2	Sala Multiusos de Chaves
18/12/09	Son+D2	Bar do Novo Ciclo Acert. Tondela
19/12/09	Lamatumbá	Casa da Moagem. Fundão



SUMARIO

4 SETE DE SETE

Samuel Leví, Paola Piñeiro e Hendrik Röver, tres maneiras de ver o directo

6 SOM DO GALPOM

Funk, reggae, rap e actitude positiva desde A Moniña

9 O DISCO QUE ME CAMBIOU A VIDA

O bluesman ferrolán Víctor Aneiros, devoto dun clásico dos Allman Brothers

10 A MÁQUINA DO TEMPO

Alberte Leis (Samesugas) e Xaime Casas (Ideasons) repasan a escena punk dos 90

12 CORNELIUS

O 1960 dos vilagarcíans capitanea un 2009 cargado de novidades discográficas

16 DETRÁS DA CANCIÓN

Lisandro Aristimuño, un cantautor electrónico

17 EN REDE

Do A ao Z, todos os grupos da Rede Galega de Música Ao Vivo

23 TESOUROS SOTERRADOS

O legado de King Tubby, por Néstor Meizoso, baixista de Dandy Fever

24 UN DÍA CON FRANC3S

En ruta a un festival de verán cos tres máis ruidosos de Carballo

26 OPINIÓN

Por Xurxo Souto

27 A SALA

As mil actuacións do coruñés Jazz Vides

28 OS RESENTIDOS

Repasamos o seu disco *Jeí*, unha das xoias do rock en galego

30 TABOLEIRO

As imaxes dos concertos do primeiro semestre do 2009

AO VIVO Música é unha revista de información e promoción da música galega que se distribúe de xeito gratuito en locais da Rede Galega de Música ao Vivo.

EDITA: Axencia Galega das Industrias Culturais
Consellería de Cultura e Turismo

PRESIDENTE: Roberto Varela Fariña

DIRECTOR: Juan Carlos Fernández Fasero

CONSELLO DE REDACCIÓN: Xavier Campos, Pilar Crespo,
Ana Miragaya, Ana Rosales

COORDINACIÓN: Área de Comunicación AGADIC

PRODUCCIÓN E TEXTOS: Eme2 Emoción&Arte

COLABORAN NESTE NÚMERO: Néstor Meizoso,
Xurxo Souto

REVISIÓN LINGÜÍSTICA: Reverso

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Logoferoz

FOTOGRAFÍAS: Janite, Jon Iraundegi, cesións de
grupos e arquivo da AGADIC

Impresión: Litonor


Tiraxe: 9.000 exemplares

ISSN: 1888-6191 / D.L.: C 692-2008



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

agadic@xunta.es | www.agadic.info
www.musicaovivo.info

Samuel Levi

CANTAUTOR

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Non o recordo. Sei cal foi o que máis me impresionou, o que me decidiu a facer música: foi en Castrelos, no verán do 97, con Pedro Guerra de abreconcertos de La Unión.

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario?

Nese de Pedro Guerra. Impresionáronme as cancións de tal forma que, ao día seguinte, xa comprara o disco, e non o deixei de escoitar ata cantar as cancións igual ca el. Comprei a primeira guitarra dúas semanas despois e anoteime nunhas clases para empezar a compoñer canto antes. O que el facía era exactamente o que me gustaría facer a min.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

O máis impresionante foi o dos Rolling Stones en Balaídos [o 18 de xullo de 1998], por espectáculo, pola súa clase, pola idea de que quizais nunca os volvería ver... Logo fun a moitos que con-

sidero importantes: Héroes del Silencio en Zaragoza, Bob Dylan, Silvio Rodríguez... Recordo especialmente un de REM na sala Pachá de Madrid, só para 400 persoas, conmigo ao lado deles: enormes. De Pedro Guerra e de Aute vin montes de actuacións, e sempre me gustaron moito. O máis especial foi quizais compartir escenario con Pedro Guerra, ou tocar nun parque con Quique González, guitarra en man.

4 A que concerto da historia da música che gustaría ir e non fuches?

Gustárame ver os Beatles, por suposto. E os Dire Straits no seu momento de plenitude. Tamén me gustaría estar no concerto que deron en Las Ventas Silvio e Aute [o 24 de setembro de 1993], do que saíu o disco *Mano a mano*.

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses, porque te cortas, por falta de presuposto...?

Levar unha banda completa, nun teatro ben grande e con colaboracións de amigos da música e de xente á que admiro.

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

Varias. De todas as que din cando empezaba recordo unha na que enchemos o bar Teide, no que adoitaba tocar, e que foi especialmente emotiva. Logo recordo as 300 persoas que xuntamos en Nova Olimpia [Vigo] un día que case nos anulan o concerto, a presentación do disco *Turno de noche* no Teatro García Barbón de Vigo con músicos amigos, a vez que fun de abreconcertos de Pedro Guerra en Madrid, a miña participación no Festival Longina de la Trova en Santa Clara, en Cuba; e unha que din no colexio maior universitario Pino de Madrid para case cen rapazas.

7 E cal a máis desastrosa?

Unha nun teatro de Vigo. Empeñáronse en que tiña que custar 9 euros. Tentei que o rebaixasen, incluso sen cobrar eu, pero non houbo maneira. Apareceron dúas persoas. Intentárono de novo ao día seguinte, e non veu ninguén. Foi ridículo. Houbo veces nas que apenas veu público, e iso dá pena, pero gústame tanto tocar que ao final acabo facéndoo.



Paola Piñeiro

CANTANTE DE SNATCH

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

O de Prince, no Monte do Gozo [Santiago de Compostela, no 1993].

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario?

Non recordo ningún en concreto... Aínda que sexa un pouco vergonzoso para min, creo que o pensei desde os tempos nos que vía Parchís na tele!

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Houbo varios, pero un deles podería ser o da Fundación Tony Manero e Loretta Martin, na Sala Capitol de Santiago, hai un par de anos.

4 A que concerto da historia da música che gustaría ir e non fuches?

A un de Queen!

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses?

Espirme, vaia un reclamo!

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

Na Sala Ardora en Porto do Son, non sei se foi a calor, o ambiente, a maxia do local...

7 E cal a máis desastrosa?

En Boiro, un rapaz que estaba alí decidiu unirse a nós, facer viravoltas e saltos mortais enriba do escenario. Tivemos que parar o concerto. Aínda así, estivo bastante ben.



Hendrik Röver

CANTANTE E GUITARRISTA DE LOS DELTONOS
E DE HENDRIK RÖVER Y LOS ESQUELETOS

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Puido ser un da Orquesta Mondragón, alá polo 82. Unha máquina de rock and roll!

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario?

Empecei a tocar con amigos e foi a consecuencia natural.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Un de Albert King en Hendaia, aproximadamente no 1991. Era o meu guitarrista favoritísimo naqueles momentos.

4 A que concerto da historia da música che gustaría ir e non fuches?

Non sei, ao Festival de Monterrey [Monterrey, California, 1967] ou ao Wattstax [Los Ángeles, 1972] ou ao 68 Comeback Special de Elvis Presley [1968].

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses?

Facer unha xira cunha banda de bluegrass. Estou traballando no tema. Despois irei polo meu disco de duetos de country.

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

A maioría, iso é o bo.

7 E cal foi a actuación máis desastrosa?

Non recordo ningunha que non acabase por salvarse dalgún xeito. Toco madeira!

**Empeñados en buscar
o lado positivo**

Fotografías de JANITE





Cos seus acenos constantes á música combativa e festeira que se deu polo norte peninsular nos anos noventa, os novísimos Som do Galpom convertéronse nun dos grupos que máis quilómetros percorre ao ano no circuito galego. A banda de Ames acaba de editar *Em terra de ninguém* (Falcatruada, 2009), gravado por Segundo Grandío no estudo Casa de Tolos. Desta volta, tentan levar ao disco o seu funk rapeiro e chouteiro con adubo folk. Con todo, eles reivindicáanse como banda de directo: máis de cen concertos desde a súa recente formación confirman a súa querenza polas táboas. Falamos con Gael e Brais de Esteban. **Como consegue unha banda que empeza facer tal número de concertos en tan pouco tempo?**

A base de traballo; desde o primeiro momento tivemos claro que para chegar á xente tiñamos que tocar en todos os lugares nos que puidésemos. Un grupo medra con cada directo, e, por moito que ensaies, o máis importante é defender a túa proposta artística diante do público. Os que nos apoian e nos escoitan deben ser os nosos primeiros críticos, e é por iso polo que a súa opinión é necesaria para nós.

O directo é o voso medio natural?

Estamos convencidos de que Som do Galpom é un grupo de directo. O mellor xeito de coñecernos é vernos nun concerto, xa que é o lugar onde mellor nos desenvolvemos para expresarnos. En contacto co público é o momento no que podemos transmitir todo o que levamos dentro; vivimos desa complicidade que se crea entre nós —como músicos— e a xente que acode a cada bolo.

Do diario de gravación que fostes escribindo na vosa web despréndese que vos resultou duro reflectir a forza do que facedes en directo, que foi unha gravación difícil. É así?

En xeral todo foi moi ben, fóra dos típicos enfados que provoca a simple convivencia. Estivemos xuntos dúas semanas, as vinte e catro horas do día; é lóxico ter algún rozamento que outro. Sendo un grupo de directo é difícil “enlatar” toda a enerxía e a esencia do grupo dentro dun disco. O disco mostra o que era Som do Galpom nese momento, e para facelo tivemos que espirmos diante dos micrófonos.

Estades contentos co que saíu desa nova experiencia?

Estamos moi contentos co resultado, aínda que sabemos que isto só é o comezo dun longo camiño. É o noso primeiro disco de longa duración, e somos conscientes

de que nos queda moito que aprender. Xa tiveramos algunha experiencia previa de gravacións de maquetas que axudou a sentirmos máis cómodos no estudio. De todos os xeitos, recoñecemos que é complicado sacar o máximo dun mesmo con toda a súa sensibilidade para encher de música un CD, que é algo material, que se pode tocar. Os sentimentos non se poden ver nin escoitar, só se poden sentir; por iso, agardamos que a xente que chega ao disco e o escoita sinta o mesmo que nós sentimos ao facelo.

Que tal está funcionando a edición?

De momento vai funcionando moi ben; de feito, estamos a piques de rematar as primeiras mil copias e imos sacar outras mil máis. Recibimos boas críticas do resultado do disco, aínda que a xente que máis nos segue continúa enamorada do noso directo. En todo caso, iso é o mellor que

“SOM DO GALPOM É UN GRUPO DE DIRECTO; O MELLOR XEITO DE COÑECERNOS É VERNOS NUN CONCERTO”

nos podía pasar, xa que ninguén vai vivir de vender discos, senón do seu directo.

Durante a vosa traxectoria presentáste-vos a varios concursos, e gañásteos. Que papel credes que xogan na carreira dun grupo estes certames?

Para nós o único que significaron nun comezo foi a oportunidade de tocar unha vez máis. Non contabamos que nos fose tan ben. Cremos que, sobre todo, son o premio a todo o traballo que está detrás dun escenario, é dicir, a todas as horas de ensaios e a todos os quilómetros que percorrermos xuntos. Os premios son un recoñecemento ao esforzo daquilo que non se ve. E inda diríamos máis: son un agasallo para a xente que nos quere nos momentos bos e tamén nos malos. Nelas e neles é onde mellor puidemos ver a alegría de cada premio, cando se reflicte na súa cara e nas súas palabras de felicitación.

As vosas cancións teñen, en moitas ocasións, temáticas sociais. Como vedes o momento actual, a crise e o que pode vir despois?

Falamos moito de temáticas sociais, aínda que non nos consideramos un grupo reivindicativo. Hai que falar de todo, de cousas boas e de cousas malas; nestes momentos de crise quizais todos estamos cansos de tanta queixa. É un bo momento para sacar o máis positivo de nós. Son tem-



BRAIS DE ESTEBAN, XURXO GARCÍA, AITOR GARCÍA, ALEJANDRO CASTRO E GAEI DE ESTEBAN FORMAN SOM DO GALPOM

SOM DO GALPOM

pos de loita, de deixarse de falar e actuar en consecuencia con todo aquilo que cada un pensa. No tempo que vivimos algo está a fallar e algo ten que cambiar; nós non temos as respostas, pero somos conscientes de que o sistema capitalista no que se apoia esta sociedade quedou obsoleto. Hai que atopar novas solucións para saír da situación actual na que nos atopamos e que, dunha vez por todas, deixen de medrar uns poucos á conta dos demais.

Que referentes musicais tedes, de fóra e de dentro de Galicia?

Referentes claros nunca tivemos, xa que o estilo musical que facemos, *funk reggae rap*, é algo propio e orixinal. Co tempo atopamos grupos cos que nos identificamos dalgún xeito. De fóra poderían ser Ojos de Brujo, Macaco, Muchachito Bombo Infierno, Terracota, Rage Against The Machine... E de Galicia, Os Diplomáticos, Os Resentidos, Heredeiros da Crus, a xente da regueifa, a música tradicional, Lamatumbá, Bonovo, Ataque Escampe, O Leo i Arremecághona, Quempallou...

Como vedes a escena musical de Galicia? Cara a onde credes que vai?

Estamos nun gran momento, a pesar da incerteza. Hai unha fornada ampla de músicos que está a conseguir bastante visibilidade e hai unha nutrida rede de locais de

concertos coma nunca houbo antes. A pesar disto, os riscos continúan a ser os mesmos: o público está afeito aos espectáculos gratis e non acaba de haber un grupo de referencia fóra do mundo do folk. Temos que ser ambiciosos: hai condicións para que a música poida chegar a ser a primeira industria en Galicia.

Parécevos que o que lle falta ao rock en galego é saír fóra, ter proxección máis alá de Galicia?

Seguramente iso é certo. O grupo máis vendido en Galicia non é un grupo galego, e os grupos que máis xente moven, tampouco. Nese sentido, somos pouco máis que consumidores cun patrón de consumo basicamente igual ca noutras partes do Estado. Necesitamos, en primeiro lugar, que o público perciba a música que se fai aquí no nivel que verdadeiramente ten, e rachar dunha vez o teito de cristal que nos limita. Se ademais xorde unha fornada de grupos coa capacidade de mover xente fóra, estaríamos moi cerca de facer algo único. Hai que tentar proxectarse fóra, a pesar das dificultades. No noso caso, a xira de presentación do disco incluíu Valencia, Madrid, Cataluña, País Vasco, Asturias, localidades do norte de Portugal...

Podedes recordar cando foi o voso primeiro concerto e que tal resultou?

A nosa primeira semana de concertos foi apoteótica. Como nos contrataran para o Festitom [Moraña], decidimos preparar o concerto tocando por aí, así que fixemos unha presentación do grupo na aldea na que ensaiamos [A Moniña, en Ames], e despois participamos na festa do patrón da facultade de Belas Artes en Pontevedra. Presentar o disco así, na nosa casa, foi unha sensación de plenitude total grazas ao apoio incondicional dos nosos. Naquel momento tiñamos poucos temas, mais algo que nos daba forzas: a ilusión de loitar por un soño ata o final. E aquí seguimos na brecha.

Para rematar, cal foi a vosa mellor experiencia en directo e cal a peor?

A peor foi quizais o último concerto da formación anterior, nun festival que se fixo en Vimianzo; a ruptura estaba no aire, e estábamos despedíndonos case que sen darnos de conta e repetindo os erros que nos levaran a esa situación. É imposible saber cal foi a mellor, pero o concerto do 21 de maio na Sala Nasa, cun público entregado e presentando o disco, foi algo que se parece moi moito a tocar o ceo. E tamén valería un, o verán pasado, nas festas de Laraño, con invasión de escenario incluída, nunha festa á que algúns de nós íamos tirar petardos de nenos.



**“TRATAMOS
TEMÁTICAS SO-
CIAIS AÍNDA QUE
NÓS NUNCA NOS
CONSIDERAMOS
UN GRUPO
REIVINDICATIVO.
NESTE MOMENTO
DE CRISE ESTA-
MOS CANSOS DE
TANTA QUEIXA”**

**“TEMOS QUE SER
AMBICIOSOS:
HAI CONDICIÓN
PARA QUE A
MÚSICA POIDA
CHEGAR A SER A
PRIMEIRA INDUS-
TRIA DO PAÍS”**

O DISCO QUE ME CAMBIOU A VIDA

‘Live at the Fillmore East’

(THE ALLMAN BROTHERS BAND). Capricorn, 1971

Por VÍCTOR ANEIROS



Live at the Fillmore East é un disco do 1971, pero eu descubriño despois, claro, aí nos anos oitenta, nun local de Ferrol que se chamaba A Caverna. O dono estivera en Inglaterra e tiña unha colección de discos das que daquela non había por aquí.

Para min que é un dos mellores discos gravados en directo que se fixeron en toda a historia do rock. Nin os propios Allman Brothers o volveron igualar, aínda que fixeron varios discos en directo despois. Combinan coma nunca o blues rock, o hard rock e o jazz, con ese gusto pola improvisación que tiñan. Aínda agora impresiona a base rítmica: levaban dous baterías! E eses dous guitarristas, Duane Allman e Dickey Betts, están en estado de graza. Duane Allman matouse pouco despois nun accidente de moto, e foi unha pena.



VÍCTOR ANEIROS (FERROL, 1960) LEVA DESDE OS ANOS OITENTA PERFECCIONANDO O SEU BLUES SEN PREXUÍZOS. ‘HEROE SECRETO’ (2008) É O SEU ÚLTIMO DISCO.

Engaioloume a forma na que Duane Allman tocaba a *slide guitar*. Aínda non hai moito cadroume escoitar por casualidade a canción que abre o disco, ‘Statesboro blues’, nunha cafetaría en Vigo, e volví flipar. Como era capaz de tocar así ese tío? Cando o escoitei por primeira vez decidín que eu tiña que aprender a tocar a *slide*... e aínda estou niso!

É case imposible escoller un disco que che cambiase a vida, pero nada máis o pensei, foi este o que me veu á cabeza. E ten sentido, aínda que pode que as miñas influencias máis claras sexan xente como Rory Gallagher ou Johnny Winter. Eu fago *road blues* e son autodidacta, e aprendín a tocar por encima de discos coma o *Live at the Fillmore East*, e creo que algo dese espírito se me nota.

A REVOLUCIÓN SOTERRADA

Xaime Casas (Ideasons) e **Alberte Leis** (Samesugas) conversan acerca da escena punk galega de principios dos noventa

Existiu na Galicia dos primeiros anos noventa unha corrente musical subterránea que circulou por debaixo do folk triunfante e do bravú máis festeiro. Hai quince anos, a escena do punk e do hardcore era tan vibrante coma descoñecida. A súa paixón e o seu amateurismo, vivificante e dramático ao tempo, seguen sen ser recoñecidos hoxe. Ao Vivo Música xuntou para recordar aqueles tempos a dous protagonistas do momento. Un, Xaime Casas, organizaba concertos desde a máis absoluta autoxestión, e agora dirixe a oficina de contratación Ideasons; o outro, Alberte Leis, tocou o baixo en grupos míticos coma os Dirty Barriguitas, e agora faíno con Samesugas e segue á fronte da pequena discográfica Lixo Urbano.

Casas: O primeiro concerto que organizei foi cos Desvirgheitors e os Raiados, en Lugo, nun local de jazz, e metémolles alí toda a trangallada. Con aquel diñeiro fixemos o primeiro número dun fanzine que se chamaba *Asko de Akí*.

Leis: “A prensa veu por primeira vez a nós cando nos tiraron o local de ensaio cos instrumentos dentro; só nos querían para a sección de sucesos”

Leis: *Asko de Akí* foi unha referencia para min, porque despois se converteu no fanzine *Lixo Urbano*, que foi co que arranquei eu. Aínda que eu creo que Xaime e máis eu xa nos coñecíamos da casa okupa de Santa Clara [en Santiago], no 1992, ou de pouco antes, do Ateneo Libertario Cabuxa. Acórdaste cando quixemos ir *okupar* o local do IMSERSO? [risas] Iso mellor non o contes!

Casas: Daquela era todo moito máis espontáneo. Para min o gran cambio é o teléfono móbil. Un bolo pechábase cunha chamada e case nunca te sentías inseguro:

eu nunca cheguei á porta dun local para atoparme que estaba pechado. Hoxe, para pechar un bolo, aínda fas dez ou doce chamadas de confirmación no mesmo día.

Leis: Os Dirty Barriguitas saímos pouco de Galicia, pero as xiras que fixemos foron todas con tres ou catro chamadas, deixalo todo apuntado e ir para alá. Pero agora tamén se segue funcionando así en parte...

Casas: Aquilo de ‘ir falar’ cos dun local para convencerlos... Ese labor de ‘entrarlles’... Recordo as primeiras veces que fomos a salas coma o Número K ou o Factoría, en Santiago: había que ir en persoa e ver por onde ía o dono do local. Acórdome dun sitio, o Tucano [na rúa Santiago de Guayaquil, tamén en Compostela].

Leis: Si, nese tocábamos no burato do ascensor!

Casas: Si, si, apropiáranse dun cacho, porque aquilo non debía ser do local...

Leis: Tampouco pasaba nada, porque alí era onde sentaba o batería [risas]. Mira, creo que o primeiro concerto de punk rock que vin en Compostela foi un de MCD con A Puro Huevo, no campus sur, e creo que non houbera ningún máis ata aquel de Dirty Barriguitas e SOD. Ben, estaban os dos SS Harlots, que despois foron Fame Neghra, que tocaban nos institutos.

Casas: Si, recordo un concerto de SS Harlots en Mazarelos. Había cen tíos fóra de control totalmente, rodeando o escenario, bebendo, nada de seguridade... E logo, os do Burgo. Aínda que alí a música era o





secundario: había certo rebumbio de que había un grupo e montábanse unhas festas tolas.

Leis: Buscábamos os ocos que tiñamos para tocar, porque en Compostela era moi difícil. Acórdome dos Irmandiños tocando antes da orquestra nas festas de Guadalupe. Ata que empezaron a facerse cousas nalgúns locais: no Número K, no Nao Berlín, e logo abriu a Nasa.

Casas: Os concertos tiñan algo máis de extraordinario. Cando tes abundancia, como pasa coa oferta de ocio de hoxe, é distinto. Eu teño colegas que xa non van a concertos, quedan na casa dun e poñen un DVD e montan así a festa. E non estamos falando de hai cincuenta anos! A programación institucional era inexistente, salvo os Manolo Tena ou as Luz Casal do

Casas: “A primeira vez que cobre por un concerto foi con Fugazi, no 95, sen esperalo. Todo era tan autodidacta que pensabas: ‘Así que por isto cóbrase!’”

momento. Non había por onde furar. Un concerto do noso estilo só se lle vendía a un concello enganando os responsables..., pero non repetías, claro!

A profesionalización

Casas: Para min a cousa cambiou cando deixei de facer exclusivamente cousas que me gustasen e ampliei o abano. Co punk e con esas propostas non te podías gañar a vida. E fixen miles de concertos gratis, ou polas copas, ou perdendo cartos.

Leis: E se había alguén que cobrase unha comisión, tampouco lle daba para manter unha empresa e dedicarse a iso...

Casas: Claro que non. Mira, a primeira vez que cobre eu unha comisión foi sen esperalo en absoluto. Foi no concerto de Fugazi [no Número K de Santiago, en 1995]. Viñan cobrando a recadación, e fíxerame un millón de pesetas. Despois do concerto estábamos no hotel, e o promotor deume un sobre con 100.000 pesetas. Pero non estaba tratado! Era todo tan autodidacta que chegabas a pensar: “Ah, así que por isto cóbrase!”. Eu fixen concertos de grupos como Green Day ou NOFX e non estaba acordada a pasta.

Leis: Buf, e vaia concerto aquel de Green Day na Iguana [en Vigo, no 1993], pouco antes de que deran o salto!

Casas: Si, levaran 60.000 pesetas e querían durmir no camerino, porque non había hotel. Aínda hoxe non sei onde durmiron! Viñan nunha furgoneta que alugaran en Holanda e o contacto era un tío de Zaragoza que traballaba nun bingo, e había que chamalo alí... Unha historia rocambolesca. Aquí non había ninguén que falase inglés cos Green Day, e eu tampouco controlaba moito. O único que sabíamos era que ían chegar ese día a algunha hora, así que o que facías era ir esperar á sala o momento no que aparecesen.

Dándose a coñecer

Leis: Acórdome cando empecei a enviar promoción á prensa. Empezaba a haber Internet, pero a prensa non a tiña aínda, así que había que pasar polos periódicos cunha folia. E logo, carteis e flyers.

Casas: Logo había certos centros neuráxicos. En Santiago, que era onde máis nos moviamos nós, estaban o Bar Tolo ou o Apolo. Neses sitios vías os carteis do que estaba por chegar, atopabas información falando coa xente que traballaba alí ou cos outros clientes. Pero cando ías aos periódicos tiñas a sensación de ser un bicho raro.

Leis: A primeira vez que veu a prensa a nós foi cando nos tiraron un local de ensaio que tiñamos en Salgueiriños. Estaban os instrumentos dentro e pensamos que nos quedarán debaixo dos escombros, pero ao final leváraos o Concello a unhas dependencias municipais. Nós xa abríramos o Bar Tolo, e pasara por alí un xornalista para saber como fora a historia. Para concertos non che facían caso; eras da sección de sucesos.

Os problemas

Casas: Está moi ben a emoción, porque todas as propostas que valen a pena saen de aí, pero aquí non había técnica, e segue sen haber esas facilidades, digan o que digan. Non sei a que idade chegou Alberte ao seu instrumento, pero seguramente fose tarde con respecto a formacións americanas, inglesas, etcétera, que empezan de nenos. Formarse tarde implica atraso e precariedade. E iso demostrábase despois na calidade das propostas. Penso que esa tara cada vez se vai limando máis, e é fundamental. É moi difícil facer nada bo se non tes formación, se o teu instrumento é moi malo, se non tes ninguén que te asesore, se non tes referencias, nin onde ensaiar...

Leis: Por exemplo, unha das cousas que fan falta é que a iniciativa privada faga locais de ensaio en condicións, para alugar. Eu creo que é cuestión de tempo.

CORNELIUS 1990



PRODUCCIÓN DE LUXO E LANZAMENTO AMBICIOSO NA BUSCA DO RECOÑECIMENTO INTERNACIONAL

Fotografías de JANITE



No que se refire á música galega, a primavera e o verán do 2009 serán recordados coma un momento (outro máis) de florecemento. Bandas tan distintas como Ataque Escampe, Aphonníc, GalegoZ, Moon Cresta ou Fanny+Alexander acaban de editar disco ou están gravando producións que lles suporán un gran salto. A creatividade dos músicos desta parte do mundo non parece esgotarse.

Un dos lanzamentos máis destacables pola orixinalidade da proposta promocional e pola altura da aposta é o dos vilagarcíans Cornélius, agora rebautizados como Cornélius 1960 para diferenciarse dun artista xaponés de apelativo semellante. Producido por Mick Glossop (Van Morrison, Frank Zappa, Public Image, Revolver) e masterizado por Tatsuya Sato (Madonna, Rihanna, Amy Winehouse), o seu último disco foi lanzado en cincuenta países a través dos reprodutores de MP4 da multinacional galega Blu:Sens. Na seguinte entrevista falan do cambio que supón pasar de interpretar as súas cancións

de rock mesturado con funk suave en feiras do norte de Portugal a buscar o salto definitivo ao recoñecemento planetario. **Sodes un grupo con anos de experiencia. Estadades recollendo o froito dese traballo?**

Somos dos que pensan que o camiño se fai pasiño a pasiño. A experiencia dos anos fai que non sexamos conformistas, que manteñamos o reto de seguir mellorando, evolucionando como banda e como músicos, tentando seguir o noso camiño. Se ademais diso o que facemos gusta, todo resulta máis gratificante.

Gravastes o disco con Mick Glossop. Como resulta o traballo cun produtor con tanta experiencia?

Moitos dos discos clásicos que temos nos nosos estantes están firmados por este tipo. Só iso xa impón moito respecto. Contar con Mick é algo ao que non podiamos chegar a aspirar non hai moito tempo. Aínda que poida resultar pedante dicilo, a realidade é que é un xenio da produción discográfica. Por un lado, impresionounos co dominio do estudio que ten como enxeñeiro, e, por outro, co nivel de esixencia e con-

CORNELIUS

centración que demandaba de nós durante as horas de traballo. Foi unha experiencia moi potente, unha especie de *master class* constante.

Estades contentos co resultado? Que diferenzas atopades co *Greatest hits*?

A diferenza básica é que neste disco contamos cun produtor de luxo e uns medios de primeiro nivel. En canto ás cancións, é un disco máis centrado, sen tantos extremos. O *Greatest hits* foi feito e producido completamente por nós, coas súas virtudes e defectos. Un nunca chega a estar contento de todo cos seus discos, sempre ve cousas que mellorar, cousas que puidiches facer doutro xeito...

Producido por Mick Glossop (Van Morrison, Zappa) e masterizado por Tatsuya Sato (Madonna, Rihanna), '1960' lanzouse en cincuenta países nos reprodutores de Blu:Sens

Que pode atopar quen se aproxime ás cancións novas?

En canto á forma, pode atopar a cara máis británica ou pop de Cornelius 1960: no fondo, é unha colección de cancións co selo do grupo.

Tedes agora unha discográfica e unha oficina de *management* que apostan moi forte por vós. Que esperades desta nova etapa?

Esperamos atopar o camiño para poder chegar o máis lonxe posible con este novo disco. A aposta da compañía é moi ambiciosa; para nós é todo un reto.

É interesante o método de distribución: primeiro cos reprodutores de Blu:Sens e na tenda virtual da marca, e despois en disco físico. É o signo dos tempos?

Que unha compañía multinacional galega che tenda a man e che propoña que a túa música saia nun dispositivo en cincuenta países é unha ferramenta de promoción brutal: é unha oportunidade que non quixemos perder. Un lanzamento global desde o formato disco é inviable no noso país; ata o de agora, as discográficas ou son locais ou son multinacionais que importan produtos das súas outras filiais, mais non fan o contrario. Por iso, estamos nun mp4: é un produto que chega directamente ao consumidor de música e que se distribúe en miles de puntos dos cinco continentes. Aínda que o noso traballo se promova mediante os produtos Blu:Sens, saímos á venda en liña e en disco case de maneira simultánea.



ANDONI ARCOS, JOSÉ VILAS, DAVID CHIQUILLO, ANTONIO CASADO, TON RISCO E TONI B. WILLISCH, RETRATADOS CERCA DO SEU LOCAL DE ENSAIO EN VILAGARCÍA

Sempre vos preocupastes moito da posta en escena, e para este disco contades con espectáculo renovado tamén. Que importancia lle dades a este aspecto?

“En canto á forma, esta é a cara máis británica ou pop do grupo; no fondo é unha colección de cancións co noso selo”

Aínda que tentamos coidar ese tipo de cousas, non é algo que nos obsesione. Tendemos á naturalidade. De todas as maneiras, sempre tentamos evolucionar en todas as direccións. Temos un novo *show* que irá mellorando e tomando forma definitiva antes da xira de presentación.


Podedes recordar cando foi o voso primeiro concerto e que tal resultou?

Sinceramente, non o recordamos, pero seguro que o pasamos ben.

Cal foi a vosa mellor experiencia en directo e cal a peor?

A maioría delas foron boas. Tocar é o que nos gusta, aínda que ás veces as condicións non sexan óptimas. A peor experiencia, aínda que resultou divertida, foi como mínimo surrealista. Tocando hai anos en Portugal, nunha esquina da rúa, cunha tómbola de feira pegada ao escenario. Tiñan a música a toda pastilla mentres tocabamos, e un equipo de son dez veces máis potente ca o noso. Acabamos sorteando *perritos piloto*. E que conste que en Portugal non pasan estas cousas, normalmente son moi profesionais e moi europeos, pero neste caso...

MÁIS DISCOS NOVOS



6PM: *Tape worms*
In Silence Recordings

O novo EP do dúo herculino que no ano 2006 asinou o fantástico *Far from perfect* (Junk Records) saíu xa a pasada primavera. Como marca o signo dos tempos, o álbum pode descargarse desde a web do grupo gratuitamente ou facendo unha achega voluntaria. O disco físico tamén se pode pedir na páxina de 6pm, que combina unha vez máis instrumentos acústicos e electrónicos en composicións de pop delicado e cristalino.

www.6pm.es



Ataque Escampe: *A grande evasión*
A Regueifa

O rock de serie B dos Ataque Escampe dá o salto definitivo con este traballo bautizado cun aceno ao cine e outro aos Blur. A banda compostelá mantén os seus sinais de identidade (letras magníficas e torrenciais con envoltura acústica e estética sen pretensións), e enriquecéonos cun gran traballo de produción por parte de Marcos Payno e Tomás Ageitos. *A grande evasión* é o seu mellor traballo ata o momento.

ataqueescampe.blogspot.com



Aphonnice: *6bajopar*
Maldito Records

A contundencia, a brillantez e o compromiso de Aphonnice pasan ao castelán neste traballo, o terceiro na súa carreira, durante a que xa editaran *Silence* (Pai Música, 2003) e *Foolproof* (autoeditado, 2006). Nel, os Aphonnice van un pouco máis aló na súa exploración do metal contemporáneo, con inclusión de elementos electrónicos, melodías complexas e letras de denuncia en cancións de rock moderno e contundente.

www.aphonnice.com



Ectoplasma: *En Villa Angelina*

Villa Angelina é a casa do barrio vigués de Lavadores na que a banda de Nicolás Pastoriza gravou, con paciencia e amor polo detalle, o seu novo traballo, un disco pensado como se pensaban os discos ata non hai tanto. Ás habituais letras surrealistas de quen foi líder de Bromea o Qué? e La Marabunta únense nesta produción ambientes de rock de toda a vida, cun pé nos Kinks e o outro en Los Enemigos.

myspace.com/ectoplasmatv



Moon Cresta: *The sparkling radiostars & their lunatic orquesta*

O autodenominado power&funk dos Moon Cresta sobe un chanzo máis en *The sparkling radiostars & their lunatic orquesta*, que a banda prevé editar para primeiros do ano que vén. Para gravalo, os vigueses contrataron á produtora californiana Sylvia Massy, coñecida polos seus traballos con Red Hot Chili Peppers, The Black Crowes, Skunk Anansie, Johnny Cash ou Tom Petty & The Heartbreakers.

www.moon-cresta.com



Guezos: *Oito destinos*
Autoeditado

“Oito cancións, oito viaxes sonoras por distintos estilos musicais co nexo común do folk”. Así definen Guezos o seu novo traballo, co que xa levan realizada unha boa chea de concertos por todo o país. O grupo ourensán condensa nesa pouco máis de media ducia de cortes todo o seu gusto polos instrumentos tradicionais tocados a ritmo trepidante, e polo rock forte, festeiro e comprometido.

www.guezos.com

“Un lanzamento global en disco é inviable no noso país; por iso, estamos nun MP4, un produto que chega directamente ao consumidor de música e que se distribúe en miles de puntos de venda dos cinco continentes”

UN CANTAUTOR DO SÉCULO XXI

Admirado por Deluxe ou Iván Ferreiro, o arxentino **Lisandro Aristimuño** revélanos como compón os seus temas desde a sinxeleza e coa axuda da tecnoloxía

Actuou por primeira vez diante da súa familia nunha celebración de Nadal ("foi cuns graos de alcohol encima"), adóranos figuras como Deluxe, Iván Ferreiro ou Quique González, enche teatros na súa Arxentina natal e cita entre as súas influencias a Andrew Bird, Radiohead ou Sigur Rós. Lisandro Aristimuño (Viedma, Río Negro, Arxentina, 1978) representa un novo tipo de cantautor, sen prexuízos e, aínda así, ligado á tradición. Hai uns meses estivo de xira por Galicia e contoulle a **Ao Vivo Música** como se montan as súas delicadas composicións.

"As cancións saénme do máis simple, e logo vounas vestindo con capas de sons, sempre vendo o que me piden"

A forma na que Aristimuño se aproxima ás cancións é clásica e, á vez, moi contemporánea. Melancólicas e cun toque inocente, parecen compostas cunha armazón de guitarra e voz que logo se vai enriquecendo. "Saénme do máis simple, e logo vounas vestindo con capas sucesivas de sons, sempre vendo o que me piden", explica; "o estilo, os sons que teño que utilizar... iso depende moito da letra e do que vaia contando nela".

A interpretación en directo de temas como 'El árbol caído' ou 'Luz divina' varía, porque Lisandro Aristimuño séntese igual de cómodo actuando en teatros,

cunha banda apoiándoo, e en pequenos locais, cousa que fixo en Galicia o pasado mes de maio. "Nese espectáculo que estou facendo para xirar por España

"No escenario uso unha máquina de 'loops' e vou construíndo todo en directo. Non levo nin repertorio"

utilizo unha máquina de *loops* [dispositivo que permite gravar e repetir sons e anacos de música]. Quizais o máis entretido disto é que non armo nada antes: vou construíndo todo aí, en directo. Nin sequera hai repertorio das cancións que vou facer; vou conectándome co público e vou armando os temas dependendo da enerxía que haxa nese concerto en concreto".

Distíngueo iso doutros cantautores máis tradicionais? "Souben que en España a cualificación de 'cantautor' é molesta para algúns, como de vella escola. Pero hoxe hai máis variantes, e os cantautores estamos ao tanto do que ocorre nestes tempos". A esta adaptación, asegura, contribúen tanto os avances tecnolóxicos coma as letras: "Agora non está pasando o mesmo que hai vinte anos. As palabras son de aquí e de agora". Dito isto, Aristimuño matiza: "Non me parece que o anterior sexa aburrido. Silvio Rodríguez é máis interesante que moitísimas bandas de hoxe. Nun dos meus discos preferidos, *Pink moon*, Nick Drake está só coa voz e coa guitarra, e o espazo e os silencios son perfectos".



ENREDE

Cen grupos e cerca de medio milleiro de actuacións conforman este ano a Rede Galega de Música ao Vivo, unha mostra do que se está a cocer nos distintos estilos musicais que se practican no país. Os que seguen son os artistas e as bandas integradas nesta programación da AGADIC e Cluatura. Para confirmar as datas e os horarios dos concertos pódese visitar a web: www.musicaovivo.info

AÍD



6pm

Pop electrónico e moi elegante elaborado desde o salón da casa de dous multiinstrumentistas coruñeses. Guitarras, teclados, metais, percusións e demais trebellos dixitais converteron a 6PM nunha das mellores bandas galegas do momento. www.6pm.es

7 Puertas

Co primeiro disco, *Hasta el final*, debaixo do brazo, os compoñentes de 7 PUERTAS presentan material novo e un monte de versións de clásicos do rock encadradas no seu interese polos sons máis intensos. www.7puertasweb.com

A Tuna Rastafari

Enerxía, festa, improvisación: estas son as bandeiras de A TUNA RASTAFARI, un grupo morrazán que combina desde a canción popular galega ata o corrido mexicano, sen complexos. www.myspace.com/atunarastafari

Adrián Costa & Marcos Coll

Desde as súas orixes compostelás ata a súa residencia actual en

Gañadora do concurso Greenspace o ano pasado e ligada ao prestixioso colectivo Likor Café, o seu é un cóctel da música negra do pasado e o rap actual. www.myspace.com/aid8990

Alberto Pérez

Foi integrante con Sabina e Krahe do mítico trío La Mandrágora; logo traballou para a televisión, para a radio e para o cine. Hoxe, ALBERTO PÉREZ trae á Rede Galega a súa canción de autor marcada pola improvisación.

Alejandra Burgos

O blues, o country e o rockabilly son a raíz da música desta argentina. En activo desde os 16 anos en solitario e en diversos grupos, a impresionante voz de ALEJANDRA BURGOS e a súa xuventude fan prever un enorme futuro que xa é presente. www.alejandraburgos.com

Aló Django

ALÓ DJANGO queren ofrecer concertos divertidos co swing como banda sonora, e conseguen que o espírito veloz e divertido de



ALBERTO PÉREZ

Django Reinhardt acabe sobrevoando a sala.

myspace.com/alodjangoswingband

Álvaro Muras

O funk fusión do baixista ÁLVARO MURAS é algo diferente e orixinal: un percusionista e convidados variados acompañan unha proposta cambiante e nova. www.alvaromuras.com

Anger

Os monfortinos ANGER ofrecen temas propios e versións de rock clásico e moderno, de Led Zeppelin a Linkin Park. www.anger-es.com

Aphonníc

Os APHONNIC defínense como “grupo visionario, detallista e conceptual, que xoga coa doxura e o caos, entre a subversión e a solidariedade ante a problemática social”: metal fresco e orixinal con tres cedés no mercado. www.aphonníc.com

Ataque Escampe

Fan rock de serie B, e foron unha das revelacións galegas: ATAQUE ESCAMPE apostan pola instrumentación sinxela, as grandes letras e un antivirtuosismo que os une tanto con Jonathan Richman coma con Xil Ríos. ataqueescampe.blogspot.com

Balakandra

A mestura define a música de BALAKANDRA: navegan entre o rock e o jazz, o pop e o bluegrass, enriquecendo a base folk. www.myspace.com/balakandra

Baldosa Amarilla

BALDOSA AMARILLA son un grupo do Porriño que fai rock de

guitarras, con forza e á vez con delicadeza. Cunha maqueta e un videoclip, son toda unha aposta. www.baldosaamarilla.com

Banda Potemkin

Un barco todoterreo, un triturador de ritmos balcánicos e cari-

guitarras acústica e eléctrica e a pedal steel guitar.

www.myspace.com/brunotford

Bukowski Blues Trío?

Con formacións cambiantes, BUKOWSKI BLUES TRÍO? levan desde mediados dos noventa

a crear unha auténtica banda de rock sólido americano para aproveitar a química entre os seus integrantes.

www.myspace.com/cooltrainband

Cornelius 1960

Gañadores de múltiples concursos e curtidos en moitos escenarios, CORNELIUS 1960 seguen adiante co seu rock sofisticado e cosmopolita, presentando o seu novo disco.

www.cornelius.tk

Coyote Express

COYOTE EXPRESS son un grupo coruñés con máis de 13 anos de experiencia, especializado en versións de cancións dos sesenta e dos setenta, desde Creedence a Lynryd Skynryd ou Janis Joplin.

myspace.com/coyoteexpressband

Creole Kings

Sen reviravoltas, directos ao conto, CREOLE KINGS son un trío acústico vigués encabezado polo crooner Alberto Cunha. Os reis do criollo mesturan country, blues e pop da década dourada con alegría e clase.

www.creolekings.com

Dandy Fever

A voz de Mariana é a guinda que coroa a proposta de DANDY FEVER, baseada no reggae, o rocksteady e o ska xamaicanos clásicos con toques de soul.

www.dandyfever.cjb.net

Debuxos Reanimados

Naceron no ano 1995 para revisar as vellas melodías que escoitaban pola televisión de cativos; hoxe, os DEBUXOS REANIMADOS seguen facendo música chea de ironía, de humor e de frescura.

Deva

Formados no 2007, DEVA son un grupo alternativo en castelán con matices electrónicos e raíces anglosaxoas, cunha primeira gravación aínda recente.

www.myspace.com/projectodeva

Doctor Harapos

O letrista Víctor Lorenzo e o músico Pablo Carrera son a cerna de DOCTOR HARAPOS, un grupo que promete rock con ritmos hipnóticos, letras corrosivas e sons distorsionados.

www.doctorharapos.com

Ectoplasma

Rock 'orquestrado', con letras máxicas da escola de Ray Davies, Morrissey e Oscar Wilde, ECTOPLASMA son o último proxecto de Nicolás Pastoriza, un clásico da escena viguesa desde os oitenta, con disco en camiño.

www.myspace.com/ectoplasmatv

Edu Manazas & Whiskey Tren

As manazas de Edu, un dos mellores bluesman brancos da volta, recrean xunto co seu grupo, os WHISKEY TREN, os diversos ritmos do blues, do shuffle ata o funk ou o latino.

www.myspace.com/edubighandshiskeytren

El Cubo

EL CUBO proxéctanse desde o rock clásico ao metal e o pop rock cunha contundencia especial en disco e nos escenarios, para os que propoñen unha posta en escena persoal baseada nunha estética coidada e unha escenografía espectacular.

www.myspace.com/elcubomusic



EDU MANAZAS

beños e unha tripulación chea de experiencia nos mares da música galega: son BANDA POTEMKIN, o lugar onde os arranxos fan que as ideas perdan a forma orixinal e se volvan *potemkianas*.

www.myspace.com/bandapotemkin

Batusi

BATUSI é o novo proxecto de veteranos músicos coruñeses integrantes de bandas como Ultracuerpos, Meu ou Rockers Go To Hell, e desta vez atacan instrumentais do funk e o soul máis clásico.

www.myspace.com/batusiband

Brothers in Band

BROTHERS IN BAND é unha banda coruñesa de tributo a Dire Straits e a Mark Knopfler. Durante dúas horas homenaxeian a mítica banda británica interpretando os seus éxitos dos oitenta.

www.brothersinband.com

Bruno T. Ford

O guitarrista da banda alemá Río Bravo, BRUNO T. FORD, ofrece agora a súa enerxía sen máis envoltorio instrumental que o das

ofrecendo versións libres e persoais de Hendrix, Cream, Stevie Ray Vaughan ou Ray Charles.

www.bukowskitrio.com

Carlos Childe Troupe

Influenciado polo blues tradicional e o swing, CARLOS CHILDE explora os terreos do folk blues e o country rock plasmados no seu primeiro traballo.

www.carloschilde.com

Chamito El Flako

Guitarrista, cantante, compositor hispano-venezolano, CHAMITO EL FLAKO é funk mestizo, eléctrico, atrevido e incansable.

myspace.com/chamitoelflakomusic

Con Cierto Swing

A formación de CON CIERTO SWING traballa para recrear o ambiente do Hot Club de París, trasladando conceptos e técnicas instrumentais desde os anos corenta ata os nosos días.

www.conciertoswing.com

Cooltrain Band

Antes banda de versións, os COOLTRAIN atrévense agora



El Puchero del Hortelano

Os murcianos EL PUCHERO DEL HORTELANO presentan o seu cuarto disco, *Harumaki*, cheo de melodías vestidas de flamenco, rumba, pop, rock e funk.

www.elpucherodelhortelano.com

Elodio y los Seres Queridos

Co seu fantástico disco *Esto que tienes delante*, ELODIO Y LOS SERES QUERIDOS, comandados por Eladio Santos, consagráronse como unha das referencias do panorama pop do país.

www.myspace.com/elodioylosseresqueridos

Fabulosos Cubatas de Fockink Brothers

Eduardo Hermida (pintor e axitador cultural ferrolán) e Pepe



Doré (ex-Los Doré e músico polifacético coruñés) seguen adiante co irreverente e acedo cabaré dos FABULOSOS CUBATAS DE FOCKINK BROTHERS.

www.fabulososcubatas.com

Fainoti

FAINOTI son unha novísima banda de Bueu que explora, coa súa formación de guitarras e ventos, os ritmos do ska, o rock ou a bossa nova, e que están presentando o seu primeiro EP.

www.myspace.com/fainoti

Félix Arias

Integrante de Guru Deva e 50% dos Lovely Luna de Xoel Deluxe, FÉLIX ARIAS mergúllase en *Manchados de tinta* na súa faceta máis acústica e poética.

Franc3s

Revelación indie do 2008 coas súas últimas gravacións, os carballeses FRANC3S din que soan "como Sergio Algora facendo unha versión de Silver Apples unha noite de tormenta nun pub á beira do Mare Imbrium...".

www.myspace.com/franc3sspace

Graham Foster Trío

Descuberto por Elton John, irmán do baixista dos Pretenders e dos Simple Minds e guitarrista de lendas como Etta James, GRAHAM FOSTER entrégase aos ritmos do rock clásico.

www.grahamfoster.net

Guezos

Os cinco GUEZOS levan tres discos publicados, nos que mesturan enerxía, tres partes de música folk, dúas de rock e outras tantas de música tradicional galega, con pingas de sabores variados como funk ou reggae, e ata rumba, se apetece.

www.guezos.com

Guru Deva

Xa clásicos da Coruña, GURU DEVA, bautizados con dúas palabras do 'Across the Universe' de The Beatles, queren ser a resposta a grupos como Ocean Colour Scene ou Coldplay.

www.myspace.com/gurudevapop

Hendrik Röver y Los Esqueletos

O líder dos míticos Deltonos presenta as súas cancións máis espidas: HENDRIK RÖVER ofrece temas acústicos de ambiente americano que falan de trens, traizóns, camaradas, de resacas varias e de decisións aprazadas.

www.myspace.com/hendrikrover

Holywater

HOLYWATER é unha banda de rock en estado puro. Dúas guitarras envolventes, potencia rítmica e unha voz emocionante para o seu último disco, *Tranquility*, estreado a finais do 2008.

www.holywaterweb.com



Harry Navisson Band

O guitarrista HARRY NAVISSON e a súa banda despregan o seu arsenal de ritmos country, blues, funk e dixie en concertos onde a marcha está sempre máis que asegurada.

myspace.com/harrynavissonband

Héctor Lorenzo

O guitarrista e cantante HÉCTOR LORENZO colabora habitualmente con músicos da talla de Quim Farinha, Carmen Dor, Pablo Seoane, Uxía ou Najla Shami, movéndose sempre dentro das coordenadas da bossa e o jazz vocal en galego, con delicadeza e letras poéticas.

Javier Constenla Improvía

JAVIER CONSTENLA, director de big band e mestre de jazz, aposta agora por explorar estilos diversos como o latino, a balada, o swing e os temas de raíz galega, dinámicos e baseados na improvisación do jazz.

www.myspace.com/jvierconstenla

Javier Pereiro Quartet

Formación a catro de jazz acústico, integrada por trompeta, guitarra, contrabaixo e batería, que interpreta composicións orixinais de new hard bop con algún arranxo de estándares.

www.myspace.com/javierpereiro



José Luis Pardo & The Mojo Workers

O guitarrista JOSÉ LUIS PARDO, admirado por moitos dos mellores músicos de blues dos Estados Unidos, está presentando por Europa e América toda a súa destreza e forza.

La Pegatina

O son pegado á rúa dos cataláns LA PEGATINA recorda a Manu Chao: rumba urbana e festeira ou punk feito con guitarra española e caixón flamenco.

www.lapeгатina.com

Lisandro Aristimuño

O poético mundo pop do argentino LISANDRO ARISTIMUÑO preséntase en Galicia: unha guitarra e uns pedais de efectos bástanlle para elaborar melodías e experiencias únicas.

www.lisandro.biz



Little Albert Boogie Band

A LITTLE ALBERT BOOGIE BAND é un power trío de rhythm & blues que tenta achegar todos os seus anos de experiencia á nobre tarefa de divertir ao público con temas propios e versións de obras mestras.

www.littlealbertboogieband.com

Los Eternos

Míticos músicos da escena ceirensa conforman LOS ETERNOS, unha tormenta de rock electrificado mesturado agora con clásicos do country.

www.myspace.com/loseternos

Los Marcianos

LOS MARCIANOS son un grupo de pop nacido en Vigo, que estrean single para mostrar o que eles definen como 'pequenos destelos que fan a vida á xente un pouco máis doada'.

myspace.com/losmarcianospop

Los Mecánicos

Fernando Esclusa (Guru Deva), José Martínez Bonham (ex Deluxe, The Majestic) e Tito Ritmanmuchos son LOS MECÁNICOS, un supergrupo que fai versións de clásicos dos sesenta.

Lucía Martínez Cuarteto

A multiinstrumentista LUCÍA MARTÍNEZ pertence á nova xeración de novos músicos de jazz en Europa, e déixase influenciar

polo folk de Galicia, o flamenco, a música do Mediterráneo e a experimentación.

www.lucimartinez.com

M3 Monkey Meets Music

O mono atópase coa música, buscando a sinerxía entre os ritmos que nos fan mover os pés e os cadrís, as harmonías que envolven os corazóns e as melodías que fan voar a imaxinación.

myspace.com/monkeymeetsmusic

Magín Blanco & Burgas Beat

A cabeza pensante dos míticos La Rosa e os compoñentes de Cosecha Roja colaboran nun proxecto con aromas clásicos, entre o pop británico dos sesen-



ta e o rock americano da época dourada.

www.burgasbeat.com

Meu

Cos seus discos *What's Up!* e *Did You Hear?*, os MEU convertéronse nun dos mellores grupos de pop de ascendencia británica do Estado. En directo confírmalo aínda con máis claridade.

www.meu.es

Michel González Band

Con gran experiencia aos dous lados do Atlántico, a MICHEL GONZÁLEZ BAND, formada por músicos de diversas proceden-

cias, interpreta material orixinal coa intención de difundir a música latinoamericana.

www.michelgonzalez.com

Microguagua

MICROGUAGUA aplícanse ao estilo rumbeiro, multilingüe e mestizo que arrasa en Cataluña. Desde o Raval barcelonés traen ritmos poderosos e de raíz.

myspace.com/colectivomicroguagua

Miki Nervio & The Bluesmakers

Toda unha lenda do panorama galego, MIKI NERVIO e os BLUESMAKERS triunfan en calquera lugar, en plena rúa ou nos locais e escenarios máis diversos, co seu repaso á historia do blues.

www.mikinervio.com

Misquious

De orixe cen por cen electrónica, os ferroláns MISQUIOUS mudaron para centrarse nun son máis duro e guitarreiro, sen esquecer nunca a súa paixón pola densidade do dixital.

misquious.blogspot.com

Moon Cresta

MOON CRESTA fan "power & funk": abertos e eclécticos, recuperan o rock enérxico dos setenta sen deixar de soar contemporáneos, en ocasións duros e outras veces elegantes e delicados.

www.moon-cresta.com

Moondogs Blues Party

Dúas guitarras, baixo, batería e sección de vento con frauta traveseira fan que o blues e o rock clásico de MOONDOGS BLUES PARTY se distingan á primeira.

moondogsbluesparty.blogspot.com

Mr. Whiz

MR. WHIZ son un regreso ao pasado, aos corenta e cincuenta, a Carl Perkins, Johnny Cash e Elvis, ao hillbilly e ao rock da época na que os Estados Unidos eran o país máis feliz do planeta.

www.mrwhiz.org

Niño y Pistola

Pop perfecto, melodías monumentais e letras amargas: NIÑO Y PISTOLA confirmaron co seu disco *Culebra* por que son unha das mellores bandas do momento en Galicia.

www.ypistoia.com

O Sonoro Maxín

A cumbia, a soberana absoluta das celebracións populares, son a razón de existir de O SONORO MAXÍN, un grupo que converte os seus directos nun torreiro da festa tropical no que cada un manda na súa forma de bailar.

www.myspace.com/osonoromaxin

Os Trasnós de Moscoso

Rap do país: esta é a mellor definición do que fan OS TRASNÓS

DE MOSCOSO, hip hop en galego para que a sociedade mude, para desafogarse e para divertirse.

www.ostrasnosdemoscoso.com

Overlook

Os caldenses OVERLOOK somérense nunha interesante espiral de música pop electrónica, experimental e densa, que xa percorreu boa parte dos escenarios do país.

www.overlook.tk

Pablo Bicho Quinteto

PABLO BICHO leva actuando sen descanso desde finais dos anos oitenta, con formacións diversas, botando man da súa gran personalidade de gran animal de escenario.

Pablo Seoane Quartet

Ampliando a súa banda, PABLO SEOANE busca agora maior riqueza de timbres, máis alcance harmónico e máis contundencia rítmica para as súas composicións orixinais de jazz contemporáneo.

Phantom Club

Descarga enerxética de funk-rock con pinceladas de rap é o que ofrecen os PHANTOM CLUB, un grupo moi diferente, formado por oito músicos, tres deles cantantes, fusionados baixo o mesmo xen.

www.phantomclub.es

Por Placer

Encabezados pola voz persoal de Emma Placer, os vigueses POR PLACER fan de cada unha das súas cancións unha historia que navega entre o rock contundente e a canción de autor.

www.porplacer.es

Preachers of Rock and Roll

Dous mozos que repasan as pezas máis clásicas do rock and roll de sempre: iso é o que son os PREACHERS OF ROCK AND ROLL, unha guitarra e unha gran

Samesugas

SAMESUGAS son unha das máis grandes bandas de rock and roll do país, con discos editados internacionalmente e concertos realizados en media Europa, e o directo indudablemente máis contundente, bestial, divertido e insuperable da volta.

www.samesugas.com

Samuel Levi

O vigués SAMUEL LEVÍ déixase influenciar polos cantautores españois e suramericanos nas delicadas composicións do seu



SEVIGNY

voz que chegan a todo tipo de públicos.

www.myspace.com/preachersrock

Rockers Go To Hell

Dez anos repasando o mellor do cancionero rock dos anos cincuenta afirman a traxectoria destes coruñeses; pouca xente pode contar como foi un concerto de Elvis, pero ninguén dos que foron ver os ROCKERS GO TO HELL saíu defraudado.

Ruso Negro Dúo

RUSO NEGRO DÚO é unha compañía fundada no 2004 por Mon Orenco (ex lateral do Tambre Piel Santiago) e Simone Negrín (ex cociñeiro de Laura Pausini) para mesturar música e humor.

www.myspace.com/rusonegro

disco *Turno de noche*, que segue presentando por Galicia.

www.myspace.com/samuelevi

Sevigny

SEVIGNY, o proxecto de Lucía Rolle, agora apoiado pola batería de Xulio Vázquez, espreme un pouco máis a sincera e íntima atmosfera do seu disco *Melancholic*, que contará con secuela neste 2009.

www.myspace.com/sevignymusic


Snatch

Propulsados pola poderosa voz de Paola Piñeiro, os composteláns SNATCH apéganse ao rock clásico e á instrumentación coitada para poñer ambiente ás súas letras en galego.

www.myspace.com/snatchesantiago

OS TRASNÓS DE MOSCOSO





Sojazz

SOJAZZ son un grupo de nova formación, pero con compoñentes coñecidos na escena do jazz galego, como Pablo Estelles, Antonio Castillo, Gabriel Peso, Anxo Morales e Jorge del Río.

Som do Galpom

Novísimos, con cen concertos en dous anos e medio de vida e recentes gañadores do concurso Nsaio no Camiño, SOM DO GALPOM e o seu "funky-reggae-rap" con mensaxe seguen gozando e facendo gozar.

www.somdogalpom.com

Stereotipos

STEREOTIPOS buscan a canción pop perfecta e o retrouso axeitado; abreconcertos de varios dos mellores grupos españois do momento, son unha das firmes promesas do panorama galego.

www.stereotipos.net

Sugar Mountain

Gravan discos en Estados Unidos, venden en Alemaña e fan fantásticas cancións de rock americano. Con todo, onde máis se goza dos animais escénicos que son SUGAR MOUNTAIN é en directo.

www.sugar-mountain.net

Swing Session Quintet

Enraizados na Travesas Big Band de finais dos setenta e lidera-

dos polo cantante e saxofonista Javier Jaso, SWING SESSION QUINTET modernizan o jazz vocal clásico con versións e temas propios en inglés e en galego.

Swingpool

O proxecto de SWINGPOOL naceu en Santiago de Compostela na primavera de 2007, froito do contacto entre tres músicos de ampla experiencia que apostan polos temas orixinais en inglés e en galego e a revisión de estándares clásicos.

www.myspace.com/swingpooltrio

Tangazz Trío

Trátase de tres músicos profesionais unidos en TANGAZZ TRÍO para dar a súa visión persoal dos clásicos tangos de barrio porteños, aderezada co mellor do jazz estándar.

The 38Beats

THE 38BEATS definen a súa música como "disco & roll", un triturador de versións no que coinciden Hendrix, Marley, The Beatles, Sly and the Family Stone ou Ray Charles en clave de baile.

www.myspace.com/the38beats

The Blows

A revelación do revival post punk galego continúa en xira presentando o disco *Upskirts*. Prometedores, descarados e directos,

THE BLOWS seguen de paseo pola cidade do pecado.

www.myspace.com/theblows

The Fishfuckers

THE FISHFUCKERS, vigueses, ofrecen punk rock and roll acelerado, protéinico e borrachuzo, propulsado por guitarras galopantes e unha decidida voz feminina.

www.myspace.com/fishfuckers

The Homens

A carriña de pop poderoso dos THE HOMENS segue facendo quilómetros e presentando *Tres*, o seu primeiro disco longo, agora enriquecido coa adición dun teclista e de novas cancións con gusto pola psicodelia.

www.thehomens.com

The Sweat

Despois de moito danzar por aí, os THE SWEAT decidiron que

o rocksteady ou o reggae, sen deixar de lado o soul, o surf e as bandas sonoras de películas de terror e de ciencia ficción.

www.transilvanians.com

Tumbling Dice

De nome stoniano e traxectoria longa, os arousáns TUMBLING DICE fan temas propios de rock de toda a vida cantados en inglés, e versións de clásicos do xénero.

Víctor Aneiros

Todo un mito do blues galego, VÍCTOR ANEIROS segue percorrendo o planeta como guitarrista de raza, con clase, poñéndolle alma galega á música negra.

www.victoraneirosband.com

Vozes da Rádio

As VOZES DA RÁDIO son un quinteto vocal do Porto, consagrado á música a capella, onde



VOZES DA RÁDIO

tamén eles tiñan algo que dicir sobre as táboas. Funk e música para a pista de baile dun grupo que fará suar ao respectable como poucas veces.

Transilvanians


Devotos confesos da música xamaicana, TRANSILVANIANS móvense entre estilos como o ska,

o humor e a boa disposición son parte importante.

Woden

WODEN, o cuarteto de gravatas azuladas e camisas negras, fan rock clásico con toques de ska e metal, con letras variadas, e tamén versións dos oitenta.

www.myspace.com/wodenvigo



Rede Galega de música **ao vivo**

PROGRAMACIÓN CARLOS
HUMBERTO DÍAZ PÉREZ

www.musicaovivo.info

SETEMBRO-DECEMBRO 09



www.clubtura.org

A CORUÑA

A FUNDACIÓN (MELIDE)

The Sweat	09/10/09	23.00
Bruno T. Ford	23/10/09	23.00
Héctor Lorenzo	06/11/09	23.00
Debuxos Reanimados	20/11/09	23.00
Álvaro Muras	04/12/09	23.00
Woden	18/12/09	23.00

BADULAKE (ORDES)

Graham Foster Trío	16/10/09	23.00
Los Mecánicos	06/11/09	23.00

BORRIQUITA DE BELÉM (COMPOSTELA)

Little Albert Boogie Band	04/11/09	22.45
Sevigny	18/11/09	22.45

CAFÉ CONCERTO ANTANO (OUTES)

Preachers Of Rock And Roll	02/10/09	00.30
Som do Galpom	16/10/09	00.30

CASA DAS CRECHAS (COMPOSTELA)

Pablo Seoane Quartet	06/10/09	22.00
----------------------	----------	-------

GARUFA (A CORUÑA)

Alberto Pérez	03/09/09	23.00
Som do Galpom	05/09/09	23.00
The Sweat	18/09/09	23.00
Javier Constenla “Improvia”	02/10/09	23.00
Misquious	03/10/09	23.00
Brothers In Band-Trib. Dire Straits	17/10/09	23.00

JAZZ FILLOA (A CORUÑA)

Pablo Seoane Quartet	04/11/09	22.30
Felix Arias	18/11/09	22.30
Rockers Go To Hell	17/12/09	22.30

PUB GATOS (MELIDE)

El Cúbo	11/09/09	01.00
Los Mecánicos	13/11/09	01.00
Sugar Mountain	20/11/09	01.00
Preachers Of Rock And Roll	11/12/09	01.00
Tumbling Dice	18/12/09	01.00

PUB D'ANTÓN ROCK CAFÉ (A LARACHA)

Los Eternos	02/10/09	00.00
-------------	----------	-------

SALA 600 (MELIDE)

O Sonoro Maxín	11/09/09	00.30
Stereotipos	25/09/09	00.30
Som do Galpom	02/10/09	00.30
La Pegatina	23/10/09	00.30
Brothers In Band-Trib. Dire Straits	11/12/09	00.30

LUGO

CLAVICÉMBALO (LUGO)

A Tuna Rastafari	03/10/09	00.00
Tumbling Dice	09/10/09	00.00
Sugar Mountain	09/10/09	00.00
Con Cierito Swing	09/11/09	00.00
Pablo Seoane Quartet	10/11/09	23.00
Michel Gonzalez Band	12/11/09	00.00

Javier Pereiro Quartet	13/11/09	00.00
Debuxos Reanimados	28/12/09	23.00

EL OTRO CAIMÁN (MONFORTE DE LEMOS)

Meu	05/09/09	23.59
Hendrik Röver & Los Esqueletos	09/10/09	23.59
Brothers In Band-Trib.Dire Straits	21/11/09	23.59
Álvaro Muras	19/12/09	23.59
Por Placer	20/12/09	23.59

PUB O MUÍÑO (CERVO)

Chamito el Flako	04/09/09	00.00
Misquious	18/09/09	00.00
Héctor Lorenzo	30/10/09	00.00
Sojazz	20/11/09	00.00
Los Marçianos	04/12/09	00.00
Ataque Escampe	18/12/09	00.00

OURENSE

AURIENSE (OURENSE)

Tumbling Dice	11/09/09	21.30
Coyote Express	19/09/09	21.30
Sevigny	25/09/09	21.30
Balakandra	02/10/09	21.30
Dandy Fever	17/10/09	21.30
Banda Potemkin	24/10/09	21.30
La Pegatina	31/10/09	21.30
Transilvanians	06/11/09	21.30
Lisandro Aristimuño	20/11/09	21.30
Chamito el Flako	04/12/09	21.30
O Sonoro Maxín	18/12/09	21.30

BARANDA (O BARCO DE VALDEORRAS)

Som do Galpom	09/10/09	00.00
Sugar Mountain	16/10/09	00.00
Samesugas	20/11/09	00.00
Moondogs Blues Party	04/12/09	00.00

CAFÉ CULTURAL ROI XORDO (ALLARIZ)

Microguagua	11/09/09	00.00
Bukowski Blues Trío?	31/10/09	00.00
Banda Potemkin	07/11/09	00.00
A Tuna Rastafari	05/12/09	00.00

CATRO CAMIÑOS (A RÚA)

Snatch	04/09/09	23.30
The Sweat	05/09/09	23.30
Samuel Levi	23/10/09	23.30
Baldosa Amarilla	06/11/09	23.30

PONTEVEDRA

ACHE (MARÍN)

Miki Nervio & The Bluesmakers	10/09/09	23.00
Moondogs Blues Party	24/09/09	23.00
Carlos Childe Troupe	15/10/09	22.30
Coyote Express	05/11/09	22.30

ATURUXO (BUEU)

Fainoti	27/09/09	21.30
Woden	27/09/09	21.30
Transilvanians	11/10/09	21.30
Debuxos Reanimados	16/10/09	21.30

BAR LICEUM (O PORRIÑO)

Graham Foster Trio	17/10/09	23.00
El Cubo	23/10/09	23.00
La Pegatina	24/10/09	23.00
Lisandro Aristimuño	13/11/09	23.00
Sugar Mountain	27/11/09	23.00

BAR PATOS (NIGRÁN)

Niño y Pistola	18/09/09	23.00
Som do Galpom	30/10/09	23.00
Elodio y Los Seres Queridos	27/11/09	23.00

CLANDESTINO (NIGRÁN)

Sugar Mountain	05/09/09	23.30
Transilvanians	10/10/09	23.30
Carlos Childe Troupe	31/10/09	23.30
Cooltrain Band	14/11/09	23.30
Sojazz	28/11/09	23.30
The Sweat	19/12/09	23.30

CONTRABAJO (VIGO)

Álvaro Muras	05/09/09	23.00
Carlos Childe Troupe	12/09/09	23.00
Por Placer	19/09/09	23.00
Woden	26/09/09	22.30
Aló Django	02/10/09	23.00
Deva	03/10/09	23.00
Elodio y Los Seres Queridos	03/12/09	23.00

EL ENSANCHE (VIGO)

Bruno T. Ford	06/11/09	23.00
Holywater	13/11/09	23.00
Lisandro Aristimuño	21/11/09	23.00
Aló Django	31/12/09	23.00

LA CASA DE ARRIBA (VIGO)

Overlook	29/10/09	22.00
----------	----------	-------

LA FÁBRICA DE CHOCOLATE (VIGO)

Elodio y Los Seres Queridos	17/09/09	22.00
Guezos	23/09/09	22.00
6pm	01/10/09	22.00
El Cubo	08/10/09	22.00
Deva	05/11/09	22.30
Felix Arias	12/11/09	22.30

LA GALERÍA JAZZ (VIGO)

Javier Pereiro Quartet	10/09/09	21.30
Álvaro Muras	08/10/09	21.30

LA IGUANA CLUB (VIGO)

Creole Kings	12/09/09	0.00
Ectoplasma	18/09/09	0.00
Hendrik Röver & Los Esqueletos	10/10/09	0.00
Sugar Mountain	10/10/09	0.00

MARRUCHO (BAIONA)

Tumbling Dice	04/09/09	23.30
Deva	11/09/09	23.30
Som do Galpom	18/09/09	23.30
Los Marcianos	02/10/09	23.30
Cooltrain Band	09/10/09	23.30
Coyote Express	06/11/09	23.30
Moon Cresta	04/12/09	23.30

NAÚTICO (O GROVE)

Alberto Pérez	04/09/09	23.00
Rockers Gó To Hell	05/09/09	00.00
Swingpool	19/09/09	00.00
Héctor Lorenzo	26/09/09	00.00
Sevigny	03/10/09	00.00
Brothers In Band-Trib. Dire Straits	10/10/09	00.00

O CON DO MOUCHO (A ILLA DE AROUSA)

Som do Galpom	12/09/09	23.53
Fabulosos Cubatas de F. Brothers	26/09/09	23.53
Debuxos Reanimados	10/10/09	23.53
The 38beats	14/11/09	23.53

PUB LEBLÓN (PONTECALDELAS)

Niño y Pistola	05/09/09	23.30
Som do Galpom	26/09/09	23.30
The 38beats	03/10/09	23.30
Moon Cresta	10/10/09	23.30
Por Placer	24/10/09	23.30
Fabulosos Cubatas de Fockink Brothers	14/11/09	23.30
Baldosa Amarilla	28/11/09	23.30
Bruno T. Ford	05/12/09	23.30
Héctor Lorenzo	19/12/09	23.30

SALA KARMA (PONTEVEDRA)

Overlook	06/11/09	23.00
----------	----------	-------

SALA SON (CANGAS DO MORRAZO)

A Tuna Rastafari	17/10/09	22.00
Javier Constenla “Improvia”	13/11/09	23.00
Fainoti	21/11/09	22.30
Ectoplasma	05/12/09	22.30
Moon Cresta	19/12/09	22.30

SALÓN PARROQUIAL (PONTEAREAS)

Banda Potemkin	05/09/09	00.00
Microguagua	12/09/09	00.00
Los Eternos	26/09/09	00.00
Sugar Mountain	02/10/09	00.00
Coyote Express	07/11/09	00.00
Deva	18/12/09	00.00

VAGALUME CAFÉ CONCERTO (SALVATERRA DE MIÑO)

O Sonoro Maxín	12/09/09	00.00
Los Mecánicos	10/10/09	00.00
Batusi	07/11/09	00.00
Guezos	21/11/09	00.00
El Cubo	07/12/09	00.00

ZONA ZERO (CALDAS DE REIS)

Dandy Fever	18/09/09	00.00
Harry Navisson Band	02/10/09	00.00
The Sweat	16/10/09	00.00
Chamito el Flako	06/11/09	00.00
Moondogs Blues Party	13/11/09	00.00
Aló Django	20/11/09	23.00
The 38beats	04/12/09	00.00
Brothers In Band-Trib. Dire Straits	05/12/09	00.00
Deva	11/12/09	23.00

AS SALAS

A FUNDACIÓN

Rúa Uruguay, 2 **Melide**
Teléfono: 981 507 923

ACHE

Camino Vello, 110 **Marín**
Teléfono: 667 413 191

ATURUXO

Pazos Fontenla, 59 **Bueu**
Teléfono: 679 612 655

AURIENSE CAFÉ CULTURAL

Praza Correxidor, 11 **Ourense**
Teléfono: 988 222 536

BABEL

San Roque, 123 **Lugo**
Teléfono: 685 339 983

BADULAKE

Rúa da Fonte s/n **Ordes**
Teléfono: 669 029 712

BAR LICEUM

Ramón González, 16 **O Porriño**
Teléfono: 670 016754

BAR PATOS

Praza Mario Puentes, 3 **Nigrán**
Teléfono: 986 355 651

BARANDA

Rúa Pescadores, 7 **O Barco de Valdeorras**
Teléfono: 619 321 393

BORRIQUITA DE BELÉM

Rúa San Paio de Antealtares **Compostela**
Teléfono: 679 957 956

CAFÉ CONCERTO ANTANO

Avda. do Rocío **Serra de Outes**
Teléfono: 618 554 572

CAFÉ-CULTURAL ROI XORDO

Praza dos Mesóns, 3 **Allariz**
Teléfono: 679 453 207

CASA DAS CRECHAS

Vía Sacra, 3 **Compostela**
Teléfono: 617 735 675

CATRO CAMIÑOS

Rúa Progreso, 37 **A Rúa**
Teléfono: 988 312 100

CLANDESTINO

Avenida Portugal, 35 **Nigrán**
Teléfono: 986 386 160

CLAVICÉMBALO

Rúa Paxariños, 23 baixo **Lugo**
Teléfono: 609 983 869

CONTRABAJO

Venezuela, 82 baixo **Vigo**
Teléfono: 886 135 780

EL ENSANCHE

Primeira Travesía Santiago de Vigo **Vigo**
Teléfono: 639 822 373

EL OTRO CAIMÁN

Duquesa de Alba, 8 **Monforte de Lemos**
Teléfono: 619 227 890

FORUM CELTICUM

Avenida Acea de Ama, 16 baixo **Culleredo**
Teléfono: 981 666 672

GARUFA

San Francisco, 8 **A Coruña**
Teléfono: 696 686 702

JAZZ FILLOA

Orzán, 31 soto **A Coruña**
Teléfono: 638 752 540

JAZZ VIDES

Pérez Cepeda, 23-25 soto **A Coruña**
Teléfono: 610 781 843

LA CASA DE ARRIBA

Rúa Iglesias Esponda, 7 **Vigo**
Teléfono: 678 177 707

LA FÁBRICA DE CHOCOLATE

Roxelio Abalde, 22 **Vigo**
Teléfono: 986 135 884

LA GALERÍA JAZZ

Ronda Don Bosco, 21 baixo **Vigo**
Teléfono: 605 893 827

LA IGUANA CLUB

Rúa Churrúca, 14 baixo **Vigo**
Teléfono: 651 184 408

MARRUCHO

Subida Virxe da Rocha **Baiona**
Teléfono: 686 293 946

NÁUTICO

Praia da Barrosa, s/n. S. Vicente do Mar **O Grove**
Teléfono: 678 403 247

O CON DO MOUCHO

Entrecortiñas, 20 **A Illa de Arousa**
Teléfono: 615 036 082

PLANETA

Rúa Diego Pazos, 57 **Sarria**
Teléfono: 690 216 767

PUB D'ANTÓN ROCK CAFÉ

Avenida Doutor López, 26 **A Laracha**
Teléfono: 659 820 220

PUB GATOS

Rúa Galicia, 21 **Melide**
Teléfono: 696 732 785

PUB LEBLÓN

Avenida de Galicia, 10 baixo **Pontecaldelas**
Teléfono: 692 062 029

PUB O MUÍÑO

Xosé Álvarez, 22 **Cervo**
Teléfono: 982 557 836

SALA RUN RUM

Rúa Real, 223 **Ferrol**
Teléfono: 678 616 286

SALA 600

Rúa Melide di Lugano s/n **Melide**
Teléfono: 627 615 938

SALA CLAN

Zona Viños **Xinzo de Limia**
Teléfono: 649 653 848

SALA KARMA

Rúa Riestra, 34 **Pontevedra**
Teléfono: 658 130 761

SALASON

Lirio, 30 **Cangas do Morrazo**
Teléfono: 610 705 722

SALÓN PARROQUIAL

Rúa dos Ferreiros, 3 **Ponteareas**
Teléfono: 615 481 257

VAGALUME CAFÉ CONCERTO

Marqués de Viana, 15 **Salvaterra de Miño**
Teléfono: 655 924 793

ZONA ZERO

Fermín García Díaz, 3 **Caldas de Reis**
Teléfono: 620 047 009

KING TUBBY

King Tubby's Special 1973-1976 (Trojan Records, 1989)



Por NÉSTOR MEIZOSO, BAIXISTA DE DANDY FEVER

King Tubby é unha das figuras máis reverenciadas do *dub*, un estilo pioneiro na experimentación e na investigación das posibilidades das mesas de edición. Sen a súa obra a música xamaicana non sería a mesma, e a súa influencia alcanza moitos estilos, representa un claro antecedente da electrónica, a música experimental, o *chill-out*... Falamos aquí dun pioneiro da música electrónica ao lado dos mesmísimos Kraftwerk.

Despois desta presentación, quedades obrigados a escoitar este disco dobre, que será unha perfecta introdución ao *dub*. Se ben a súa figura é moi coñecida dentro do estilo, no noso país quizais require unha presentación. King Tubby representa o produtor-artista, unha figura moi estendida en Xamaica. Facía a elección dos músicos, os arranxos musicais e posuía unha liberdade absoluta á hora de mesturar. Os artistas acudían ao seu estudio como garantía dunha produción excelente; moitas veces, o feito de gravar con King Tubby, ou con outros como Lee

'Scratch' Perry, etcétera, garantía que miles de persoas se interesarían polo disco.

En ocasións, na cara B do vinilo editado, aparecían versións

dub dos temas gravados. O *dub* é o antecedente das modernas mesturas, e nel o produtor interpreta libremente o tema incluíndo efectos, reverberación, *delay*,


cambios na ecualización e na mestura, novas pistas... Nas mesturas de King Tubby, o baixo e a batería tiñan unha presenza máis importante que o resto dos instrumentos, que entraban e desaparecían ao longo do tema, e incluso a voz se tomaba coma un instrumento máis: aparecía pouco e, cando o facía, era con gran cantidade de efectos que a deformaban.

Os baixos e a batería estaban ecualizados para seren reproducidos por enormes amplificadores de ata 18 polgadas (construídos ou 'tuneados' en moitas ocasións polo propio King Tubby), e facían retumbar as noites xamaicanas. As gravacións que facía no seu estudio estaban dirixidas aos *sound systems*, discotecas andantes nas que se pinchaban os últimos éxitos ou as novas versións de temas coñecidos polo público.

Neste magnífico disco poderedes escoitar unha introdución da súa mellor etapa, os setenta, e veredes, ata os máis 'experimentais' de vós, que xa todo leva moito

tempo inventado.

NÉSTOR MEIZOSO, BAIXISTA DO GRUPO CORUÑÉS DE REGGAE DANDY FEVER, QUERE DEDICAR ESTE TEXTO Á MEMORIA DE OUSBORNE RUDDOCK, 'KING TUBBY' (1941-1989).



UN DÍA CON:

FRANC3S

Hai en Galicia unha nova xeración de grupos que comparten unha visión ampla do punk e do seu famoso lema 'faino ti mesmo'. Jiménez Losantos, Los Santos ou Franc3s parten do orgullo amateur para crear sons tan distintos como semellante é o seu espírito.

Cun son cru equidistante dos Surfin' Bichos e The Cramps, os Franc3s, de Carballo, son o portaestandarte deste movemento que deu en chamarse bizarrismo galego. Alberto (guitarra e voz), María (batería) e Patuki (teclados e theremín) veñen recoillendo desde hai tres anos boas críticas das máis variadas publicacións indies de todo o Estado. Franc3s son habituais nos diversos concursos maqueteiros españois: as súas gravacións foron ben recibidas no Proyecto Demo, que organiza o Festival de Benicàssim, no programa *Disco Grande* de Radio 3 ou no *Mondosonoro*, e a súa proposta cruel e soñadora puido escoitarse en varias das citas festivaleiras dos últimos veráns. **Ao Vivo Música** acompañounos a un destes eventos, o ArteNativa de Valga, co percorrido fotográfico que figura nestas páxinas.

Xa en Valga, dispostos a elevar a tensión do festival

Proba de son xunto a integrantes do grupo vigués The Blows



Cargando: todo o son de Franc3s cabe nun turismo



▲ Dando os últimos toques á bóla sónica carballeira



▲ No *backstage*, cea a base de pinchos para preparar a actuación



◀ Patuki e María, autorretratándose ante o escenario




▲ Chega o momento: Franc3s ao vivo no ArteNativa de Valga

NO ANO DO RELAMPO



Por XURXO SOUTO



Teño un amigo, alieníxena propio do sistema Alfa Centauro, que che anda moi interesado na música emerxente en galego como unha forma de orixinalidade universal. Ata nesas estrelas de lonxe chama a atención que tan poucos palmos de planeta produzan tanta melodía.

Som do Galpom, Kogito, Aíd, Ataque Escampe, Covalbú, Galegoz, Esquíos, Kastomá, Machina, Guezos, Fanny & Alexander, Alén... *Vai amodo. Non continúes coa lista de novidades que me van rifar no transbordador galáctico por exceso de peso.*

E logo que querías? Por que cres que soubestes de nós? Para solaz do planeta, as neuronas deste país vibran con tanta rapidez que o sinal herciano ata a túa galaxia chegou. Durante moito tempo un magma sonoro foi medrando nun proceso de constante aceleración. Este ano —do lóstrego, do relampo, do lampión— o volcán estoupou. Manifestáanse de vez un lote de nomes sen pasado, protagonistas de fenómenos tan novos que mesmo —creo— aínda non foron detectados polos vosos sensores.

Dáme datos, por favor. Devezos por ser o primeiro en levar noticias á galaxia.

Apunta: *momento coruñento*. Isto é, un fato de novos conxuntos desta cidade,

onde mandan as voces de rapaza. Velaí Chámalle Xis, Anahí de Duplosón, Meri de Sivaritas, Alba —rumbeira de Arteixo— con Fracasados de Antemano... Cada vez que comento isto, responde María de Chámalle Xis: “É ben triste que siga a chamar a atención unha rapaza nun grupo de rock and roll”. Así que —alieníxena amigo— espalla a idea para que tamén en Alfa Centauro a feminidade oceánica do *momento coruñento* acade a condición de normalidade.

Debes saber que, mesmo antes deste relampo, vén funcionando en Ourense un prototipo prodixioso. Unha antena dimensional que dialoga directamente con todas as sensibilidades do planeta. Escola vizosa que se expresa en grupos como Lamatum-bá, Guezos e O Sonoro Maxín. Son fillos directos da Charanga do Cuco de Velle, eses que xa eran mestizos antes de que a propia palabra se inventase. Esta formación creou as cancións da tribo —“O san Benitiño”, “O paraugas do José”— a partir de melodías que viñeron desde Italia ou Cuba e que quedaron enleadas para sempre nesa antena dimensional.

A enerxía colectiva do *ano do relampo* mesmo volveu activar mecanismos en *stand by*. Reivindico Vigo. Nos oitenta foi

teoría sonora cos Resentidos e Siniestro Total. Tanta maquinaria, agora volve traballar co *Autómata* de Kogito. E mesmo saúda o universo cunha nova cosmogonía: a palabra de Aíd. A rapeira de Valadares baixou á ribeira para lle poñer letra a este novo poder *vigorento*: “Os locais aspiran lume, e as luces da cidade xa semellan vagalumes”.

Velaí vai estoutro relampo cara a Alfa Centauro. Hai poucas semanas Machina presentou na súa terra, Cerceda, o seu disco *Post-bravú*. Definitivamente a capital rock and roll está na aldea. Sei que esta afirmación é para ti unha novidade. Achego un argumento que a sitúa como tradición ben asentada. Nesa mesma noite, presentouse tamén *A tribu*, o novo disco Zënzar, tamén de Cerceda, ou, o que é o mesmo, vinte anos de rock and roll.

Que sorte que por fin emitades con tanta intensidade. Palavra de alieníxena. Os nosos sensores dicían que do cinto de asteroides cara ao interior do sistema non soaba nada de interese. Avante a comunicación intergaláctica. Galicia/Alfa Centauro. Viva o ano do lampión!

XURXO SOUTO FOI VOCALISTA DOS DIPLOMÁTICOS DE MONTE-ALTO E É XORNALISTA.

A SALA



Jazz Vides

RÚA PÉREZ CEPEDA, 23-25 SOTO. A CORUÑA (WWW.JAZZVIDES.ES)

O Jazz Vides vén de cumprir o seu primeiro decenio de existencia. “A unha media de dez concertos mensuais e dez meses de programación durante dez anos... bota a conta!”, di Pilar Crespo Brayda, xerente e programadora do local e dirixente da asociación de salas de concertos Clubtura. Son xa dous lustros de dedicación á música ao vivo, caracterizados, asegura, pola boa disposición do público: “Na nosa sala a xente é agra- decida e respectuosa: escoita, participa e sempre volve por máis”.

Nese milleiro de concertos, moitos deles de jazz, blues, cantautores e outros estilos musicais non tan masivos, houbo actuacións antolóxicas, asegura: “Jerez- Texas, un trío de flamenco-jazz valencia- no, excelente en todos os sentidos; o pri- meiro Festival Dixie da Coruña, coa Mr. Dixie Jazz Band como anfitriño, Pixi-Dixi de Tarragona e Os Dixie Gang de Lisboa, e que organizamos nós; Jorge Pardo e D’3; Cool Beat, Aguardiente Swing Quar- tet, Tangata, Los Fabulosos Cubatas...”. Os nomes, moitísimos, acumúlanse. Tamén houbo momentos, cando me- nos, estraños: “Recordo un cantautor que nos fixo crer que tocaba a guitarra e, nun momento no que debeu emocio- narse, descoidouse e soltou a guitarra... e as notas seguían soando! Puxémonos de tres cores, e, cando a xente virou a cabeza cara á barra, nós xa nos escondé- ramos detrás dela. Non había nin expli- cación nin desculpa posible!”.

O panorama das salas de concertos mudou nos últimos anos, asegura Pilar

Crespo: “De non existir máis que unha ducia de salas con programación estable en toda Galicia pasamos a ter máis de cincuenta asociadas a Clubtura, e outras tantas que aínda non se asociaron por teren pouca actividade ou por falta de interese e descoñecemento. Á marxe da asociación, o panorama é moi positivo e alentador: damos cabida a proxectos emerxentes, difundimos novos traballos discográficos de músicos coñecidos e, ademais, achegamos toda esta activida- de ao gran público amante dos peque- nos foros”.

Garufa, Filloa, Mardigras ou Jazz Vi- des no centro, D’Antón ou Forum Cel- ticum nos arredores... “Na Coruña hai moito onde escoller”, afirma Crespo; “estamos avanzando no reto da coor- dinación, sempre a través de Clubtura, procurando que non haxa a mesma ac- tuación dúas veces na mesma cidade en menos de trinta días, etc. De todos modos, non é fácil: cada sala ten os seus intereses, e non sempre consensuamos o quen e o cando”.

“Quizais nos falta difusión nos me- dios”, lamenta, “máis espazo nas axen- das culturais e nos diarios. Iso tentamos suplilo a través da páxina web”. Pero queixas, as xustas, di a xerente do local: “Isto dá traballo, hai que estar a todo, pero gústanos. A min motiváame a mú- sica en directo, e, se despois de tanta faena todo se ensambla correctamente, doume por satisfeita. Agora falta pre- guntar: é isto negocio? Non, é gozo, sim- plemente”.

O LOCAL DE ENSAIO



O centro dunha auténtica rede de músicos

LOCAL DE ENSAIO DE PONTEVEDRA

O local de ensaio de Pontevedra, situa- do na rúa Otero Pedrayo da capital provin- cial, é un dos máis concorridos de Galicia. A instalación, que conta cun equipo de xestión propio, abriu en outubro do 2008, e desde entón foi acometendo a mellora dos espazos e das salas. Na actualidade é un dos locais con maior afluencia de grupos de todos os que existen en Galicia: máis de medio cento de bandas, uns 210 músi- cos, pasan habitualmente por estas salas para preparar as súas propostas musicais, que van do experimental de Metamorfosis ao rockabilly de The Passadenas, pasando polo metal de Rotten Soul, o rock de De- buxos Reanimados, o folk de Aveláña ou o hip hop de EquilibrioH.

Calculan os seus xestores que, desde a súa apertura, os locais de ensaio de Pon- tevedra rexistraron 1.170 sesións, unhas 2.500 horas de voo para os seus numerosos ocupantes. Esta actividade principal com- pleméntase con outras de formación e a organización de concertos e exposicións. Os domingos, por exemplo, apróveitase que nos locais non hai ensaios para pro- mover actuacións en directo. Ademais, os xestores procuran ter aos músicos ao tanto do que ocorre noutros centros de activida- de musical da cidade e de Galicia, como conservatorios, salas, produtoras e outros grupos que non ensaian alí, convertendo o local nun auténtico centro de unión dos afeccionados da zona.

REDE GALEGA DE LOCAIS DE ENSAIO: WWW.NSAIO.ORG

O CUMIO DO POP EN GALEGO?

Os Resentidos editaron hai case vinte anos *Jei*, un disco que moitos consideran a gran xoia do rock feito no país e que permanece sen reeditar



Funk dislocado e gaitas, rap combativo e etnografía enxebre. Foi *Jei* (Gasa, 1990) o mellor disco de Os Resentidos? “Non sei se é o mellor, pero si é certo que foi o disco que os levou a outro nivel”, explica Noel Feáns, do grupo Fanny+Alexander, un dos grandes reivindicadores da herdanza da banda que formaron nos oitenta e nos primeiros noventa Antón Reixa, Xabier Debesa e Alberto Torrado. Non lle falta razón: no 1990, a revista barcelonesa *Rock de Lux*, a gran guía da música independente estatal, descubriulle ao mundo o potencial do pop feito en Galicia.

“Recordo preguntarlles medio en broma aos da *Rock de Lux* que canto custaba que nos puxesen un disco a parir, porque canto mellor falaban de nós menos vendíamos”, apunta Antón Reixa, cantante, letrista, axitador e cara visible dos Resentidos. *Jei* foi o disco no que a banda apostou definitivamente polo do hip hop combativo, un ritmo que xa cataran no seu anterior traballo, *Fracaso tropical* (Gasa, 1988). “Causoume un grande impacto descubrir a Public Enemy e a Run DMC”, afirma Reixa; “ademais, o rap era ideal para min, que son o peor cantante do mundo e que me metín nun grupo para facer letras: permíteche contar moitas cousas”.

“Desde o *Surfin’ CCCP* (DRO, 1984), Os Resentidos tiveron claro que, por moito que pertencesen á movida viguesa, pouco tiñan que ver co que os rodeaba, que xogaban noutra liga. Todas as decisións que tomaban eran artísticas e afastadas dos patróns comerciais, desde o feito de cantar en galego ata incorporar estilos daquela

inéditos”, destaca Noel Feáns. Naquel 1990 Os Resentidos xa triunfaran nas listas españolas con aquel retrouso irónico e zum-bón “Fai un sol de carallo”, incluído no seu disco *Galicia caníbal* (Gasa, 1986). *Jei* ía un paso máis lonxe no cóctel de influencias de Reixa e compañía, que empezaran como grupo de *pospunk* artístico para iren personalizando cada vez máis o seu son. O disco incluía temas de amor lúbrico (“Mari”), diseccións da actualidade política mundial (“Arafat”), rozamentos con Julio Iglesias (“Jei”), cancións e himnos que aínda hoxe funcionan (“Adrede”, “Nunca se sabe”).

Producido por Eugenio Muñoz (“por pura autocritica despois de autoproducir o *Fracaso tropical*”, di Reixa), o resultado é, a xuízo do crítico Xavier Valiño, “un dos grandes discos do pop en galego, do pop de Galicia e do pop do Estado. Aínda así, gústanme máis os dous primeiros: o debut, por ser toda unha sorpresa, un disco deses que necesitan moitas escoitas antes de facerte con el, e que aínda non sei se é moi bo ou non —pero esa é a súa maxia—, e o segundo, por facer xa música en galego totalmente accesible, cuns textos especiais”. Con todo, para Valiño “*Jei* tivo maior repercusión porque de repente uns críticos cataláns decatáronse do valor do grupo e, con cargo de conciencia, decidiron que noutras partes do Estado tamén podía haber números un nas súas listas. Nunca máis volveron a valorar nada de pop en galego”.

Por que ocorre isto? Foron Os Resentidos principio e final do pop en galego fóra das fronteiras da Comunidade? “Faise mellor música agora”, asegura Antón Reixa,



OS RESENTIDOS EN DONOSTI, EN 1989
FOTO: JON IRAUNDEGI

PORTADA DE ‘JEI’ (GASA, 1990)





“pero nos oitenta había máis transixencia cultural no Estado. E, ademais, xa daquela eu insistía en que non estabamos xogando a crear industria musical galega: nós estivemos sempre en compañías de fóra, e aquí non había proxectos de selos importantes. Os grupos que viñeron despois eran mellores, pero non tiveron tanta repercusión porque a música independente quedou enquistada. É un gueto, máis ou menos grande, pero un gueto”. Que Os Resentidos gravasen para unha multinacional con sede en Madrid é tamén unha das cousas que considera fundamentais Valiño: “Os seus discos estaban nas ten-

das e os críticos recibíanos para comentar. Cantos grupos gravaron desde entón pop en galego nunha multinacional e tiveron esa repercusión? Ningún, claro! Aínda que Fanny & Alexander empezan a rachar con iso”, afirma o xornalista.

Pezas de coleccionista

O caso é que o *Jei*, coma o resto dos discos editados polos Resentidos ata *Delikatessen* (Gasa, 1990, o primeiro que xa saíu en CD), é case peza de coleccionista. Nunca foron reeditados, nin hai trazas de que o vaian ser. “Supoño”, desvela Reixa, “que a nosa desidia non axuda; non temos in-

tención de resucitar aquilo. Nin eu mesmo teño todos os traballos; unha vez, nunha feira de discos usados, pedíronme 7.000 pesetas por un exemplar do *Música doméstica* ‘asinado polo cantante’, e non me fixeron rebaixa por dicir que o cantante era eu...”.

“Hai bastantes bandas que os comezan reivindicar”, apunta Noel Feáns, “pero ao non estar a súa discografía reeditada é imposible que o seu legado estea o suficiente-mente vivo. Ata que non se poida escoitar todo o seu traballo en Spotify ou mercar os discos en iTunes, o legado dos Resentidos ficará agochado para o grande público e as novas bandas”.

TABOLEIRO


Se queres que a túa foto apareza no taboleiro de **AO VIVO MÚSICA**, envíanola cun pequeno comentario a agadic@xunta.es (asunto: taboleiro ao vivo)



Imaxe do grupo coruñés **Meu** na sala Catro Camiños, na Rúa. 09-04-2009.



A rapeira viguesa **Aíd**, en directo en Lugo. 23-03-2009.



Uns clásicos, os cedeireses **Los Ruines**, na sala ferrolá Run Rum. 06-02-2009.



Aphonic, furia rock no Zona Zero de Caldas. 06-02-2009.





Moondogs Blues Party no
Forum Celticum de Culleredo.
05-03-2009.



Os **Sonoro Maxín**, montando
festa no verán ourensán.
Foto: Eva Domínguez



O supergrupo de versións
Los Mecánicos no Garufa
coruñés. 22-01-2009.



Aló Django, en directo na ve-
terana sala Aturuxo, en Bueu.
22-02-2009.



X Placer, rock contun-
dente desde Vigo na
sala Baranda, no Barco.
02-03-2009.

2009 SALAS GRUPOS

A FUNDACIÓN 6PM
ACHE 7 PUERTAS
ATURIÑO A TUNA RASTAFARI
AURIENSE CAFÉ CULTURAL ADRIÁN COSTA & MARCOS COLL
BABEL AÍO
BADULAKE ALBERTO PÉREZ
BAR LICEUM ALEJANDRA BURGOS
BAR PATOS ALÓ DJANGO
BARANDA ÁLVARO MURAS
BORRIQUITA DE BELÉM ANGER
CAFÉ CONCERTO ANTANO APHONNIC
CAFÉ CULTURAL ROÍ XORDO ATAQUE ESCAMPE
CASA DAS CRECHAS BALAKANDRA
CATRO CAMINOS BALDOZA AMARILLA
CLAVICEMBALO BANDA POTEMKIN
CONTRABAJO BATUŠI
EL ENSANCHE BRUNO T. FORD
EL OTRO CAIMÁN BUKOWSKI BLUES TRÍO
FORUM CELTICUM CARLOS CHILDE TROUPE
GARUFA CHAMITO EL FLAKO
JAZZ FILLOA CON CIERTO SWING
JAZZ VIDES COOTRAIN BAND
LA CASA DE ARRIBA CORNELIUS
LA FÁBRICA DE CHOCOLATE COYTE EXPRESS
LA GALERÍA JAZZ CREOLE KINGS
LA IGUANA CLUB DANDY FEVER
MARRUCHO DEBUXOS REANIMADOS
NÁUTICO DOCTOR HARAPOS
O CON DO MOUCHO EDU MANAZAS & WHISKY TREN
PLANETA ECTOPLASMA
PUB GATOS EL CUBO
PUB LEBLÓN EL PUCHERO DEL HORTELANO
PUB O MUIÑO ELODIO Y LOS SERES QUERIDOS
SALA 600 FABULOSOS CUBATAS DE FOCKINK BROTHERS
SALA CLAN FAINTI
SALA KARMA FÉLIX ARIAS
SALA RUM RUM FRANCIS
SALA SÓN FRAHMAN FOSTER TRÍO
SALA PARROQUIAL GUEZOS
ZONA ZERO GURU DEVA
HARRY NAVISSON BAND
HÉCTOR LORENZO
HENDRIK ROYER Y LOS ESQUELETOS
HOLY WATER
JAVIER CONSTENIA IMPROVIA
JOSÉ LUIS PARDÓ & THE MOJO WORKERS
LA PEGATINA
LISANDRO ARISTIMUÑO
LOS ETERNOS
LOS MECÁNICOS
LUCÍA MARTÍNEZ MEETS MUSIC
M3 MONKEY BOOGIE BAND
MAGÍN BLANCO & BURGAS BEAT
MEU
MICHEL GONZÁLEZ BAND
MICROGUACUA
MIKI NERVIO & THE BLUESMAKERS
MISQUIOUS
MOON CRESTA
MOONDOCS BLUES PARTY
MR. WHIZ
NIÑO Y PISTOLA
O SONORO MÁXIN
OS TRASNOS DE MOSCOSO
OVERLOOK
PABLO BICO QUINTETO
PABLO SEANE QUINTETO
PHANTOM CLUB
POR PLACER
PREACHERS OF ROCK AND ROLL
PREACHERS GO TO HELL
RUSO NEGRO DÚO
SAMESUGAS
SAMUEL LEVI
SEVIGNY
SNATCH
SOJAZZ
SOM DO GALPOM
STEREOTIPOS
SUGAR MOUNTAIN
SWING SESSION QUINTET
SWINGPOOL
TANGAZZ TRÍO
THE 38BEATS
THE BLOWS
THE FISHUCKERS
THE HOMENS
THE SWEAT
TRANSILVANIANS
TUMBLING DICE
VICTOR ANEIRO
VOZES DA RÁDIO
WOODEN

LA FÁBRICA DE CHOCOLATE
LA GALERÍA JAZZ
LA IGUANA CLUB
MARRUCHO
NÁUTICO
O CON DO MOUCHO
PLANETA
PUB GATOS
PUB LEBLÓN
PUB O MUIÑO
SALA 600
SALA CLAN
SALA KARMA
SALA RUM RUM
SALA SÓN
SALA PARROQUIAL
ZONA ZERO

Rede Galega de música ao vivo


PROGRAMACIÓN CARLOS
HUMBERTO DÍAZ PÉREZ

www.musicaovivo.info



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

AGADIC



Agencia Galega das
Indústrias Culturais

clubtura
asociación galega das salas de música ao vivo